

# MEMORIA DIRECCIÓN

## CPI ATIOS -Valdoviño

CURSO 2020-21

Antonio Cebreiro Melero





<b>ÍNDICE</b>	
<b>1. DATOS XERAIS DO CENTRO</b>	<b>Páx. 03</b>
<b>2. GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO</b>	<b>Páx. 04</b>
<b>3. ANÁLISE E VALORACIÓN DOS RESULTADOS ESCOLARES</b>	<b>Páx. 13</b>
<b>4. ORGANIZACIÓN DAS INTERVENCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</b>	<b>Páx. 26</b>
<b>5. VALORACIÓN DOS RESULTADOS DAS PROBAS DE AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA</b>	<b>Páx. 32</b>
<b>6. ANÁLISE E VALORACIÓN DOS CRITERIOS APLICADOS NA CONFECCIÓN DE HORARIOS</b>	<b>Páx. 32</b>
<b>7. ANÁLISE E VALORACIÓN DA ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO</b>	<b>Páx. 32</b>
<b>8. ANÁLISE E VALORACIÓN DA ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: EQUIPOS DE CICLO E DEPARTAMENTO.</b>	<b>Páx. 33</b>
<b>9. AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTUACIÓNS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL</b>	<b>Páx. 33</b>
<b>10. INFORME DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA</b>	<b>Páx. 35</b>
<b>11. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO</b>	<b>Páx. 39</b>
<b>12. ANÁLISE DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>Páx. 42</b>
<b>13. PLANS E PROGRAMAS LEVADOS A CABO NO CURSO 2020-21</b>	<b>Páx. 54</b>
<b>14. DESENVOLVEMENTO DO PROTOCOLO COVID-19</b>	<b>Páx. 62</b>
<b>15. RESUMO DO BALANCE ANUAL DE CONTAS ANO 2020</b>	<b>Páx. 64</b>
<b>16. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA SOBRE O FUNCIONAMENTO XERAL DO CENTRO PARA EL CURSO 2021-22</b>	<b>Páx. 67</b>

## 1. DATOS XERAIS DO CENTRO

O curso que remata caracterizouse pola súa intensidade e a morea de traballo que tivemos que realizar, para o desenvolvemento das nosas actividades, a revisión de documentos organizativos do centro como o NOF, Plan de Convivencia, Plan Económico, Plan de Comedor, e como non a situación de excepcionalidade reflexada en todos os plans protocolos implementados para este curso 2020-21 polo estado de alarma a raíz da pandemia xenerada polo COVID-19.

Por outra banda, foi un curso no que o incremento de traballo administrativo foi máis grande que o de todos os anos anteriores con certificacións de titorías, altas e ceses de persoal docente e non docente, xestión da gratuidade de libros de texto, axudas para o material, cesións de ordenadores edixgal, xestión do comedor escolar, xustificación de contas, DRDADI, DRD, DOC, ...

Debido á carga de traballo de carácter administrativo e organizativo o Equipo Directivo tivo que deixar máis de lado cuestións de carácter pedagóxico. Pero quero destacar a comprensión e colaboración obtida desde a inspección educativa.

O persoal docente do colexio estivo formado por 54 docentes dos cales 23 deles imparten docencia na ESO e 31 deles nos niveis educativos de Educación Infantil e Primaria. Temos ademais servizos complementarios de transporte e comedor e ao ser un CPI ten unha complexidade organizativa maior. Todos os procesos que se fan nos centros educativos, aquí hai que facelos por duplicado ou triplicado nalgúns casos. Hai dous inicios de curso, dous remates, tres períodos de matrícula, dúas avaliacións, tres lexislacións diferentes...

Destacar que este curso tivemos un auxiliar de conversa a súa presenza foi moi positiva tanto para o alumnado como para o profesorado. Esperamos a que para o curso 2021-22 teñamos a asignación de novo dun auxiliar de conversa.

O profesorado como consecuencia do estado da alarma decretado polo COVID-19, adaptou rapidamente a metodoloxía, e coa docencia telamática permitiu ao alumnado continuar coa súa formación. Feito que quero destacar e agradecer a todo o profesorado.

Cómpre salientar a satisfacción de traballar co equipo de profesionais, competentes, entusiastas, participativos, felices... que conforman o persoal docente e non docente deste centro como reflexa a cantidade de recoñecementos que reciben os nosos docentes por parte de institucións públicas e privadas acadando co seu esforzo persoal premios polos seus traballos en robótica, traballo cooperativo, competencias básicas, fomento do galego, biblioteca, etc.

E tamén a de contar coa colaboración inestimable da ANPA e dunha boa parte do resto da comunidade educativa en todas as actividades desenvolvidas no centro.

Por último agradecer ao noso inspector Santiago Sobrino o seu apoio e información fluida e continua que nos axudou a facer fronte a este final de curso tan complexo.

## 2. GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

A organización e a responsabilidade de acadar os obxectivos propostos corresponde aos diferentes equipos segundo as competencias recollidas na regulamentación oficial, así como aos diferentes cargos recollidos no cadro de organización pedagóxica.

O seguimento dos obxectivos se fixo trimestralmente e a avaliación final se fará observando o grado de cumprimento ,que en todos os casos será o 90% do total das actuacións previstas.

### OBXECTIVO Nº 1: ADECUAR O CENTRO AS NECESIDADES XERADAS POLO COVID-19

Plan anual do curso académico	2020-21		
Data de inicio das actividades	01/08/20	Data do fin das actividades	30-06-2021
Responsables:	Equipo directivo, Profesorado, ANPA e Concello		
Medición do obxectivo	ACTUACIÓNS PREVISTAS 14	ACTUACIÓNS REALIZADAS:14 OBXECTIVO ACADADO	
Redactar o Protocolo COVID-19	Lectura por parte dos membros do equipo directivo do protocolo	Feito a última semana de agosto do 2020	
	Reunión inicial dos membros do equipo directivo para iniciar a redacción do protocolo	31 de agosto de 2021 se incia a redacción	
	Reunión co ANPA e o Concello para que aporten ideas a incluir no protocolo	O día 1 de setembro no despacho de dirección	
	Reunións do equipo directivo ata finalizar a redacción do protocolo	Feitas na última semana de agosto e a primeira de setembro	
	Información ao Claustro do profesorado antes do inicio das clases	Infórmase ao claustro o día 08-09-2021	
	Traslado de copia ao ANPA Beiramar do CPI Atios e ao Concello de Valdoviño	Trasládase copia o 09-09-2021 a ambas entidades	
	Publicación na páxina web do centro	Publicados o 10-09-2021	
	Difusión a través da aplicación abalarmobil	Faise o día 11 de setembro de 2021	
	Remisión vía email de toda a información sobre o protocolo ao profesorado, persoal non docente, persoal de cafetería e servizo de limpeza.	Faise o día 11 de setembro de 2021	

<i>Otras actuacións</i>	Compra de xel, mascarillas, papeleiras, dispensadores e luvas	Diferentes compras ao longo de todo o curso (Facturas)
	Sinalización dos espazos do colexio con cartelería relativa ao COVID_19	A realiza o conserxe antes do inicio das clases
	Determinar as rutas de entrada e saída do colexio	A relaiza o conserxe antes do inicio das clases
	Localizar un espazo para aislar aos posibles positivos por COVID-19	Localízase no segundo andar ao final do corredor
	Garantir a limpeza dos espazos comúns	A garante o servizo de limpeza (limpadora pola mañá)

## OBXECTIVO Nº 2 : MELLORAR AS RELACIÓNS CO CONCELLO, ANPA E OUTRAS INSTITUCIÓNS

<b>Plan anual do curso académico</b>	<b>2020-21</b>		
<b>Data de inicio das actividades</b>	01/09/20	<b>Data do fin das actividades</b>	30-06-2021
<b>Responsables:</b>	Dirección e Concello		
<b>Medición do obxectivo</b>	ACTUACIÓNS PREVISTAS 14	ACTUACIÓNS REALIZADAS : 9 OBXECTIVO NON ACADADO	
<i>Promover a dotación, mantemento das instalación e material necesario</i>	Acondicionamento das aulas de secundaria e aulas específicas	Feito no verán coa financiación do Concello e Xefatura Territorial	
	Construcción dunha nova aula no segundo andar	Feita no verán coa financiación do Concello	
	Pintado da fachada do centro	PENDENTE	
	Pintar o corredor do segundo andar	Pintado no verán coa financiación do Concello	
	Cambiar as portas de madeira do segundo andar	Cambiadas coa financiación da Xefatura Territorial	
<i>Establecer canles áxiles de comunicación cos distintos servizos do Concello</i>	Solicitar (cadeiras e mesas) novo material a Xefatura Territorial	Enviadas pola Xefatura en setembro	
	Reunión inicial co alcalde Alberto González	Faise o día 1 de setembro	
	Entrevista co responsable de obras do Concello	Faise o día 1 de setembro	
	Renovación da nova representante do Concello no Consello Escolar	A renovación ten lugar o 08-09-20	
<i>Facilitar o uso das instalacións para as actividades que oferta o Concello</i>	Enviar peticións de actuación e obras a facer no colexio para o curso 20-21	Enviadas ao Concello e Xefatura Teritorial no mes de setembro	
	Cesión de instalacións para a celebración de actividades deportivas e lúdicas	NON HAI POR MOR DO COVID-19	
	Cesión de instalacións para realizar exames e probas		
	Cesión de instalacións para cursos		
Outras cesións de instalacións			

**OBXECTIVO Nº 3 : FOMENTAR A PARTICIPACIÓN NA XESTIÓN DO CENTRO DOS INTEGRANTES DA COMUNIDADE ESCOLAR.**

Plan anual do curso académico	2020-21		
Data de inicio das actividades	01/09/20	Data do fin das actividades	30-06-2021
Responsables:	Dirección, Xefes de Estudo, Titores, Familias e Departamento de Orientación		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 10	ACTUACIÓNS REALIZADAS : 10 OBXECTIVO ACADADO	
<i>Ofrecer información ás familias e dispoñibilidade para debater e atender as peticións</i>	Informar sobre o protocolo COVID-19 para o inicio de curso	A comunidade educativa ten información actualizada dende o 01-09-20	
	Establecer canles de comunicación fluidos coas familias	A través da páxina web, Espazo Abalar e Telefónicamente	
	Envío de circular sobre as normas do inicio de curso	Envíase o 08 de setembro	
	Participación do director do centro na reunión de setembro do ANPA	A reunión ten lugar coa presidenta do ANPA telefónicamente	
	Reunión co alumnado por parte do director e xefes de estudo	Ten lugar nas aulas burbullas, non houbo unha soa reunión	
	Reunión coas familias por parte do profesorado titor para priorizar a figura do titor/a como intermediario entre as familias e o centro	Os titores priorizaron as reunións virtuais, agás excepcións	
	Entrega as familias unha circular ao final de curso con toda a información relevante	A circular ten data de saída do 19-06-21	
<i>Facilitar o uso das instalacións para actividades que oferta a ANPA</i>	Cesión dun local no centro para a sede do ANPA	Si	
	Cesión do comedor do centro para a reunión de setembro do ANPA	Non por mor da Covid-19	
	Cesión das instalacións de ximnasio e patio cuberto para o festival de nadal do ANPA	Non ten lugar celebración algunha	
<i>Deseñar, dentro da Programación do Departamento de AECE, obradoiros, xornadas, etc que favorezcan a integración das familias na vida do centro: Este curso debido as restricións polo COVID-19 os festivais e celebración <b>non terán participación das familias</b></i>	Feito durante todo o curso escolar		

#### OBXECTIVO Nº 4 : INTEGRAR OS PLANES ELABORADOS NO PEC

Plan anual do curso académico		2020-21	
Data de inicio das actividades	01/09/20	Data do fin das actividades	30-06-2021
Responsables:	Equipo directivo, Equipo de Formación, CFR, Administración educativa, Profesorado implicado no Contrato-Programa e Departamento de Orientación		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 38	ACTUACIÓNS REALIZADAS : 38 OBXECTIVO ACADADO	
<i>Redactar o Plan Xeral Anual do centro.</i>	Entrega do documento ós compoñentes do Claustro e do Consello Escolar para a súa lectura e posibilidade de que aporten modificacións.	Feita o 1 de setembro de 2020	
	Reunión do Claustro e do Consello Escolar para a aprobación do P.X.A., se procede.	Feitas as reunión o 08-09-202	
	Envío á Inspección do P.X.A.	Enviase a inspección no mes de outubro	
	Difusión do P.X.A. no centro	Na páxina web do centro	
<i>Plan de Formación do Profesorado</i>	Revisión dos itinerarios e actividades a desenvolver do PFPP	Feito na CCp do 04-09 de 2020	
	Inscripción do profesorado	Durante o mes de setmebro	
	Información ao Claustro	No claustro do 14-10-20	
	Inicio das actividades de formación	No mes de novembro de 2020	
	Nombramiento de un Coordinador de Formación do Profesorado no centro	Nombrado na CCP 10-11-2020	
	Detección de necesidades formativas	Durante o mes de setembro	
	Remisión vía email de toda a información recibida sobre cursos de formación que poidan ser de interés para o equipo docente en todas as etapas.	Remítese por correo electrónico o 15 de outubro de 2020	
<i>Contrato-Programa</i>	Solicitud de continuidade do Contrato-Programa á Administración educativa	Este curso solicitanse un contrato-programas	
	Confirmación das actividades programadas co equipo docente	As actividades realizadas son relativas a Inlue-T, Habitos saudables e Robótica	
	Confirmación do profesorado implicado	En total 28 profesores/as participan nos Contrato-Programa	
	Presentación da solicitude detallada mediante aplicación informática	Presentación feita en outubro do 2020	
	Reunión na Inspección Educativa para a revisión da solicitude	Feita no mes de outubro do 2020	
	Posta en marcha das actividades una vez aprobadas pola Consellería.	Inicio de actividades no mes de novembro	
	Seguemento das actuacións ao longo do curso escolar	Cada trimestre no ante o claustro do profesorado	
	Presentación dos resultados ante o Claustro	Os resultados son presentados o día 28-06-10 no claustro	
Proposta do Claustro sobre a continuidade do Contrato-Programa para o vindeiro curso	Aprobase no claustro do día 28 de xuño de 2021		
<i>Coordinación do</i>	Coordinar ao profesorado dos ciclos ou niveis de acordo co DC	A través de reunión de ciclo ou departamento e nas CCP	



<i>proceso educativo</i>	Elaboración das programacións anuais dos ciclos e os departamentos	As programacións anuais se entregan nas xefaturas en tempo e forma
	Envío das programación a inspección educativa	O envío das programación a inspección educativa realízase o 10-10-20
	Publicitar as programacións didácticas	As programacións queda publicadas na páxina web do centro
	Reunión de CCP , departamentos e ciclos no primeiro trimestre	Teñen lugar o primeiro martes de setembro,outubro, novembro e decembro
	Analizar e valorar o rendemento escolar no primeiro trimestre	No claustro do día 27-01-21
	Reunión de CCP , departamentos e ciclos no segundo trimestre	Teñen lugar o primeiro martes de cada mes de xaneiro, febreiro,marzo
	Analizar e valorar o rendemento escolar do segundo trimestre	No claustro do día 07-04-21
	Reunión de CCP, departamentos e ciclos no terceiro trimestre	Teñen lugar o primeiro martes de cada mes de abril, maio e xuño
	Analizar e valorar o rendemento escolar no terceiro trimestre	No claustro do día 28-06-21
	Promover alguna reunión conxunta do profesorado dos últimos cursos de cada etapa co profesorado dos primeiros curso da etapa seguinte	Terá lugar a primeira semana de setembro de 2021
Elaborar as memorias de departamento e dirección	Elabóranse e envíanse a inspección educativa o 30 de xuño de 2021	
<i>Outras actuacións</i>	Debater aprobar e incluír no PE as modificacións feitas ao mesmo	As modificacións se presentan e debaten no claustro do 08-09-20
	Desenvolver seccións bilingües en primaria e secundaria	Seguimos co as sección bilingües en Educación Plástica en primaria e Matemáticas en secundaria
	Potenciar os proxectos innovadores posto en marcha (aula virtual e libros dixitais)	Os curso de 5ºEP, 6º EP, 1ºESO e 2º ESO desenvolven o proxecto EDIXGAL, e para o curso 21-22 o ampliamos a 3º ESO e 4º ESO
	Desenvolver o proxecto Robótica	Este curso tivo lugar durante os xoves pola tarde o "Obradoiro de Robótica"
	Desenvolver os proxectos Erasmus	Este curso continuamos cun proxecto Erasmus K229 con Gales, Finlandia e Islandia
	Desenvolver o Club de Ciencia	Este curso tivo lugar durante o horario lectivo o "Club de Ciencia"



## OBXECTIVO Nº 5 : IMPLEMENTAR A CONVIVENCIA E IGUALDADE

Plan anual do curso académico		2020-21	
Data de inicio das actividades	01/09/20	Data do fin das actividades	30-06-2021
Responsables:	Equipo directivo, Departamento de Orientación e Comunidade Educativa		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 13	ACTUACIÓNS REALIZADAS : 13 OBXECTIVO ACADADO	
<i>Manter a boa convivencia no noso centro</i>	Adoptar un estilo de convivencia que resalte os aspectos positivos do alumnado e do profesorado que normalmente pasan desapercibidos sendos empre os aspectos negativos os que teñen máis repercusión	Recollido no plan de convivencia revisado en outubro do 2020	
	Fomentar a información e o intercambio de ideas coa recollida periódica de suxerencias de mellora	A través das titorías e o departamento de Orientación	
	Xestionar os conflitos e consideralos como un estímulo do proceso de diálogo e comunicación	A través do plan de mediación	
	Acoller adecuadamente ao alumnado de nova incorporación	A través do protocolo de benvida	
<i>Mellorar a integración de todo o alumnado no seu grupo e no Centro</i>	Propoñer uns criterios pedagóxicos funcionais de distribución do alumnado nos grupos	Feito ao inicio de curso e explicado polos titores	
	Participar nas actividades propostas polos Servizos Sociais do Concello, así como a colaboración coa ANPA	Feito , contacto fluido e continuo con ANPA e Servizos Sociais	
	Potenciar o establecemento de xogos, actividades colectivas, grupos de traballo de coidado do contorno, etc	Feito en todas as conmemoracións e na dinámica cooperativa das aulas	
	Actualizar o Plan de Convivencia e velar polo seu cumprimento	Feito en outubro polo D.O.	
<i>Fomentar o desenvolvemento persoal, favorecendo a igualdade de xénero</i>	Non atribuir roles sexistas	Elaborado polo D.O. e a comisión de convivencia	
	Dinamizar as función dos delegados e delegadas de curso coa axuda dos titores e titoras e o Departamento de Orientación	Reunión trimestrais do delegados co xefe de estudos	
	Evitar o uso de linguaxe sexista en todos os documentos e comunicación e na vida do centro	Feito toda a documentación oficial segue ese criterio	
	Potenciar as conmemoracións institucionais de datas sinaladas e relativas á igualdade de xénero, a non violencia...	Feito en todas e cada una das actividades docentes e lúdicas	
	Fomentar o estudo de personaxes femininos	Durante todo o curso escolar a través do proxecto Inlue-T	

## OBXECTIVO Nº 6 : RESTRUCTURAR AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Plan anual do curso académico	2020-21		
Data de inicio das actividades	01/09/20	Data do fin das actividades	30-06-2021
Responsables:	Equipo directivo, Equipo de ACE e Comunidade Educativa		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 15	ACTUACIÓNS REALIZADAS : 15 OBXECTIVO ACADADO	
<i>Dirixir a dinamización</i>	Renovación do responsable das actividades complementarias e extraescolares	Na CCP do 10-11-20 noméase a Luisa Pita	
	Elección dos membros das actividades complementarias e extraescolares	Queda recollida na PXA aprobada para o curso 20-21	
<i>Organizar actividades que potencien o coñecemento do entorno.</i>	Participar en proxectos do concello para potenciar o entorno	Participación no proxecto "Valdoviño Mar"	
	Proxectos en Educación Primaria para o coñecemento do noso entorno	Saídas a coñecer o entorno dos diferentes niveis	
	Proxectos en Educación Secundaria para o coñecemento do noso entorno	Saídas a coñecer o entorno dos diferentes niveis	
	Desenvolver o curso da "Contorna" dentro do PFPP	NON	
<i>Continuar elaborando a base de datos das actividades para os distintos niveis e departamentos</i>	Elabóranse menús na páxina web dinámica para aloxar aí as fichas das actividades	Feito en setembro e revisado periódicamente	
	Recollense na base de datos da páxina web as actividades do 1º trimestre recollidas na PXA	Feito data 21 de decembro	
	Recollense na base de datos da páxina web as actividades do 2º trimestre recollidas na PXA	Feito data 07 de abril	
	Recollense na base de datos da páxina web as actividades do 3º trimestre recollidas na PXA	Feito data 21 de xuño	
<i>Cambios nas actividades por mor do COVID-19</i>	Celebrar as conmemoracións a través de medios telemáticos	SI, este curso combinanse os medios telemáticos e os presenciais	
	Potenciar o uso de videos para as conmemoracións	Feito e subidos a páxina web do centro	
	Prohibición de actividades como festivais ou grupos numerosos que non respeten as normas do protocolo Covid-19	Feito, non hai festivais de Nadal, Entrodo e Fin de Curso	
	Incentivar as celebración dentro dos grupos burbulla	Feito en todas as conmemoracións deste curso	

**OBXECTIVO Nº 7 : INFORMATIZAR O CENTRO e DESENVOLVER O USO DAS TICs**

Plan anual do curso académico		2020-21	
Data de inicio das actividades		01/09/20	Data do fin das actividades 30-06-2021
Responsables:		Equipo directivo, Equipo de ITC e Comunidade Educativa	
Medición do obxectivo		Actuacións previstas 16	ACTUACIÓNS REALIZADAS : 16 OBXECTIVO ACADADO
<i>Facilitar a formación do profesorado e o alumnado</i>	Promover que o profesorado saiba empregar os medios telemáticos para impartir docencia por mor das posibles repercusións xeradas polo COVID-19	Durante o mes de setembro a través da CCP e reunións de ciclo e departamento	
	Solicitar cursos de formación no Centro para facilitar ao profesorado o acceso aos mesmos	Realízanse cursos durante o primeiro trimestre sobre Edxigal e aula virtual	
	Desenvolver o proxecto "Aulas conectadas"	Fáise durante todo o curso 20-21	
	Traballar cos contidos recollidos na aula virtual do CPI Atios	Na aula virtual temos subidos materiais todo o profesorado	
<i>Por en práctica o plan TIC</i>	Optimizar os recursos para reducir as carencias e deficiencias de material informático	O logramos grazas as aportacións da Consellería de Educación	
	Promover o uso do programa Meiga para a xestión da biblioteca	Implantado completamente neste curso 2020-21	
	Informatizar progresivamente as aulas	Aumentamos o programa Edxigal a 3º e 4º da ESO	
	Reforzar as competencias básicas a través das novas tecnoloxías	A través da formación dp PFPP	
<i>Dinamizar a páxina WEB</i>	Promover o uso do servidor do centro	Feito polo equipo de dinamización das TICs	
	Manter a páxina ao día e facer participe dela a toda Comunidade Educativa	Feito polo equipo de dinamización das TICs	
	Manter e aumentar o uso da aula virtual como instrumento para o ensino	Feito polos diferentes ciclos e departamentos	
<i>Implementar Edixgal</i>	Actualizar os contidos e transmitir información relevante a través da web	A información da páxina web é revisada diariamente e actualizada	
	Reparto de Pcs ao alumnado	Feito en setembro	
	Reparto de Pcs ao profesorado	Feito en setembro	
	Asignaturas en formato Edixgal	Todas as materias do programa teñen contados dixitais	
	Curso de formación no PFPP	Feitos no PFPP	

**OBXECTIVO Nº 8 : MELLORAR O SERVIZO DE COMEDOR**

Plan anual do curso académico		2020-21	
Data de inicio das actividades	01/09/20	Data do fin das actividades	30-06-2021
Responsables:	Equipo directivo, responsable do comedor, cociñeiras e persoal colaborador		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 12	ACTUACIÓNS REALIZADAS : 12 OBXECTIVO ACADADO	
<i>Revisión do Proxecto de Funcionamento do Comedor</i>	Revisar e redactar o Plan do Comedor antes do inicio das actividades lectiva	Feito durento setembro de 2020	
	Adequar o espazo do comedor as normas recollidas no protocolo COVID-19	Feito no consello do día 28 de xuño de 2019	
	Aprobación dos baremos para as persoas colaboradoras e encargadas do comedor	Feito o 21 de xaneiro de 2021	
	Presentar o Proxecto de Comedor ao Consello Escolar para a súa aprobación	Feito o 14 de outubro de 2020	
	Seguimento e valoración do Proxecto de Comedor	Cada trimestre e se presenta ao Consello Escolar	
<i>Reparación das deficiencias na cociña.</i>	Solucionar as deficiencias atopadas na inspección de sanidade feita o curso 2020-21	Feitas e revisadas pola inspección de sanidade	
	Dotar de máis mesas e cadeiras ao comedor	No mes de outubro chegan novo mobiliario para o comedor	
	Compra de menaxe e outros utensilios de uso cotiá na cociña e no comedor	Feito ao longo do curso 20-21	
<i>Elaboracións de menús equilibrados</i>	Elaborar os menús dos meses de setembro, outubro e decembro con criterios saudables	Feito o 10 de setembro	
	Elaborar os menús dos meses de xaneiro, febreiro, e marzo con criterios saudables	Feito o 9 de xaneiro,	
	Elaborar os menús dos meses de abril, maio e xuño con criterios saudables	Feito o 1 de abril	
	Continuidade dos menús "Venres Gastrónomicos" como se recolle no Proxecto de Comedor	Fetios todos os últimos venres de mes	

**OBXECTIVO Nº 9 : POTENCIAR O USO DA LINGUA GALEGA**

Plan anual do curso académico		2020-21	
Data de inicio das actividades	01/09/20	Data do fin das actividades	30-06-2021
Responsables:	Equipo directivo, EDLG e Comunidade Educativa		
Medición do obxectivo	Actuacións previstas 10	ACTUACIÓNS REALIZADAS : 10 OBXECTIVO ACADADO	
<i>Colaborar e prestar apoio ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega</i>	Nomear ao novo responsable do EDLG	A nova responsable é dona Vanessa Pita Santalla	
	Divulgar e impulsar as reunión e actividades realizadas polos membros do equipo	Feito a través do Plan do Fomento do Galego	
	Promover a participación do alumnado nas actividades e reunión do EDLG	Feitas reunión trimestral cada segundo xoves de mes	
	Potenciar o espazo adicado ao EDLG na páxina web do centro coa publicación de novas	Feito se publican artigos, fotos e videos	
<i>Potenciar o uso de Galego no centro</i>	Usar sempre o galego en todos os documentos oficiais, comunicacións, convocatorias, etc	Feito diariamente	
	Redactar e actualizar o Proxecto Lingüístico do centro	Feito e aprobado o 10 de outubro de 2019	
	Sensibilizar á comunidade educativa respecto ás vantaxes de contar cunha lingua propia	Feito coas celebracións dos Maíos, Letras Galegas de forma telemática	
<i>Realizar e publicitar as actividades relacionadas co uso do galego</i>	Participar en actividades como Teatro con G, Mocidade coa Lingua, Poexia e Imaxe	Feitas as participación e acadando varios premios	
	Celebrar festas como o Magosto, os Maíos, Letras Galegas	Celebradas en novembro, e maio (telemáticamente)	
	Colaborar en proxectos como os "Venres Gastronómicos", "TV Atios" e saídas culturais organizadas polo departamento de Lingua e Literatura Galega	Colaboran activamente en todos os proxectos enumerados	

### 3. ANÁLISE E VALORACIÓN DO RENDEMENTO ESCOLAR DO CENTRO.

#### 3.1. EDUCACIÓN INFANTIL

<i>SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL</i>			
ALUMNADO con flexibilización da escolarización	NON	X	SI
Número de ALUMNADO con flexibilización da escolarización	4º EI	5º EI	6º EI
		0	0
<b>Observacións :</b>			

No **primeiro nivel** do ciclo atopamos un grupo de alumnos grande e variado a nivel madurativo, uns con dificultades para centrarse, outros con carácter, uns alegres, outros máis choróns, ... pero en calquera caso un grupo do que a titora reconece estar contenta a pesares das dificultades.

No **segundo nivel** hai dous grupos; Na aula de 5º A de EI se observou unha grande evolución nun grupo no que a titora observou moitos conflitos entre nenos e nenas á súa chegada e desmotivación de cara ao traballo; En 5º B o titor ve avances a pesares das dificultades dun comedor metido dentro do horario escolar e as dificultades derivadas do confinamento da aula e as cuarentenas do trimestre anterior; se consolidaron como grupo e son faladores.

No **terceiro nivel**, tamén hai dous cursos; a aula de 6º A acadou os obxectivos, a titora está moi contenta coa evolución deste grupo onde a maioría dos nenos e nenas son moi autónomos á hora de traballar e no que hai unha grande evolución na lectoescritura. Da aula de 6º B a titora reseña que a nivel xeral observou un grande cambio no grupo que participan moi ben e melloraron en lectoescritura.

A metodoloxía en Educación Infantil continuou na liña do primeiro trimestre, especial fincapé na adquisición de hábitos de hixiene, a autonomía e o coidado persoal, dada a situación de alerta sanitaria, e na educación emocional. Tamén se continuou a traballar por proxectos, coa metodoloxía do traballo cooperativo e a filosofía do ensino SEM..

O alumnado de Educación Infantil acadou os **obxectivos** propostos na programación para este trimestre.

O seguimento desta **programación** fíxose en as reunións de ciclo e na sesión de avaliación. Nesta avaliación foi impartido o 75-80% da programación prevista nos cursos que tiveron asistencia regular, e algo inferior nos cursos máis afectados polos confinamentos.

A **avaliación** dos procesos de aprendizaxe fíxose tendo en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas do currículo; namaioría dos casos os resultados foron satisfactorios.

- A orientadora do centro foi puntualmente informada do **alumnado con posibles dificultades de aprendizaxe, cada caso foi** valorado segundo as súas capacidades e tomáronse as medidas de reforzo pertinentes.
- As **propostas de mellora** foron enfocadas a
  - Favorecer a comunicación coas familias
  - Seguir cotraballo cooperativo e a metodoloxía SEM, e buscando o achegamento ao medio natural na medida do posible dadas as circunstancias sanitarias.

### 3.2. EDUCACIÓN PRIMARIA.

#### 3.2.1. 1º Nivel

<i>EDUCACIÓN PRIMARIA 1º NIVEL</i>									
<b>NÚMERO DE ALUMNADO</b>									<b>33</b>
<b>ALUMNADO REPETIDORES</b>									<b>0</b>
<b>ALUMNADO CON NEAE</b>		<b>ACI: 0</b>		<b>REFORZO: 2</b>		<b>OUTROS: 0</b>			
<b>ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS</b>									<b>31</b>
<b>ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA</b>									<b>0</b>
<b>ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS</b>									<b>1</b>
<b>ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS</b>									<b>3</b>
<b>ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS</b>									<b>0</b>
<b>ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS</b>									
CCNN	CCSS	Ed. Art.	Ed. Física	Lingua Castelá	Lingua Galega	Matemáticas	LinguaEstranxeira	Rel	Valores
<b>33</b>	<b>33</b>	<b>33</b>	<b>33</b>	31	31	32	33	<b>13</b>	<b>19</b>
<b>ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS</b>									
CCNN	CCSS	Ed Art.	Ed. Física	L.C.	L.G.	Matemáticas	LinguaEstranxeira	Rel	Valores
<b>0</b>	<b>0</b>	0	<b>0</b>	2	2	1	0	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN ( cubrir en xuño)</b>									
<b>ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS</b>									<b>0</b>
<b>MATERIAS NON CONFORMES</b>									<b>0</b>



### 3.2.2. 2º Nivel

#### EDUCACIÓN PRIMARIA 2º NIVEL

<b>NÚMERO DE ALUMNADO</b>										29		
<b>ALUMNADO REPETIDORES</b>										0		
<b>ALUMNADO CON NEAE</b>										<b>ACI: 1</b>	<b>REFORZO: 4</b>	<b>OUTROS: 0</b>
<b>ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS</b>										26		
<b>ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA</b>										0		
<b>ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS</b>										0		
<b>ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS</b>										2		
<b>ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS</b>										1		
<b>ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS</b>												
CCNN	CCSS	Ed. Art.	E.Física	L.C.	L.G.	Matemáticas	LinguaEstranxeira	Rel	Valores			
29	29	29	29	26	27	27	26	16	13			
<b>ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS</b>												
CCNN	CCSS	Ed Art.	Ed. Física	L.C.	L.G.	Matemáticas	LinguaEstranxeira	Rel	Valores			
0	0	0	0	3	2	2	3	0	0			
<b>ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN ( cubrir en xuño)</b>										2		
<b>ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS</b>										0		
<b>MATERIAS NON CONFORMES</b>										0		

### 3.2.3. 3º Nivel

#### EDUCACIÓN PRIMARIA 3º NIVEL

<b>NÚMERO DE ALUMNADO</b>										46		
<b>ALUMNADO REPETIDORES</b>										0		
<b>ALUMNADO CON NEAE</b>										<b>ACI: 1</b>	<b>REFORZO: 9</b>	<b>OUTRAS:</b>
<b>ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS</b>										41		
<b>ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA</b>										3		
<b>ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS</b>										1		
<b>ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS</b>										1		
<b>ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS</b>										0		
<b>ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS</b>												
CCNN	CCSS	Ed. Art.	Ed. Física	L.C.	L.G.	Matemáticas	LinguaEstranxeira	Rel	Valores			
46	43	46	46	46	45	43	46	18	26			
<b>ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS</b>												
CCNN	CCSS	Ed Art.	Ed. Física	L.C.	L.G.	Matemáticas	LinguaEstranxeira	Rel	Valores			
10	1	0	0	0	1	3	0	0	0			
<b>ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN ( cubrir en xuño)</b>										1		
<b>ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS</b>										0		
<b>MATERIAS NON CONFORMES</b>										0		





### 3.2.4. 4º Nivel

<b>EDUCACIÓN PRIMARIA 4º NIVEL</b>										
<b>NÚMERO DE ALUMNADO</b>									50	
<b>ALUMNADO REPETIDORES</b>									0	
<b>ALUMNADO NEAE</b>									<b>ACI: 0</b>	
<b>REFORZO: 5</b>									<b>OUTRAS: 0</b>	
<b>ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS</b>									41	
<b>ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA</b>									5	
<b>ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS</b>									0	
<b>ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS</b>									0	
<b>ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS</b>									4	
<b>ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS</b>										
CCNN	CCSS	Ed. Art.	Ed. Física	L.C.	L. G.	Mat	LinguaEstranxeira	Rel	Val	
46	45	50	50	45	48	46	49	26	24	
<b>ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS</b>										
CCNN	CCSS	Ed Artística	Educación Física	LinguaCastelá	Lingua Galega	Mat	LinguaEstranxeira	Rel	Val	
4	5	0	0	5	2	4	1	0	0	
<b>ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN ( cubrir en suño)</b>									2	
<b>ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS</b>									0	
<b>MATERIAS NON CONFORMES</b>									0	

### 3.2.5. 5º Nivel

<b>EDUCACIÓN PRIMARIA 5º NIVEL</b>										
<b>NÚMERO DE ALUMNADO</b>									37	
<b>ALUMNADO REPETIDORES</b>									2	
<b>ALUMNADO CON NEAE</b>									<b>ACI: 1</b>	
<b>REFORZO: 5</b>									<b>OUTRAS: 0</b>	
<b>ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS</b>									30	
<b>ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA</b>									2	
<b>ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS</b>									2	
<b>ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS</b>									1	
<b>ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS</b>									2	
<b>ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS</b>										
CCNN	CCSS	Ed. Art	Ed. Física	L.C.	L.G.	Matemáticas	Inglés	Rel	Valores	
34	35	37	37	33	34	32	33	18	19	
<b>ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS</b>										
CCNN	CCSS	Ed Art	Ed Física	L.C.	L.G.	Matemáticas	Inglés	Rel	Valores	
3	2	0	0	4	3	5	4	0	0	
<b>ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN ( cubrir en suño)</b>									1	
<b>ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS</b>									0	
<b>MATERIAS NON CONFORMES</b>									0	

### 3.2.6. 6º Nivel

<i>EDUCACIÓN PRIMARIA 6º NIVEL</i>									
NÚMERO DE ALUMNADO									58
ALUMNADO REPETIDORES									1
ALUMNADO NEAE		ACI: 4	REFORZO: 11			OUTRAS: 1 Atención domiciliaria			
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS									50
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA									2
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS									2
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS									0
ALUMNADO CON CATRO OU MÁIS MATERIAS SUSPENSAS									4
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	Ed Artís	Ed. Física	L.C.	L.G.	Mat	LinguaEstranx	Rel	Val
54	54	58	58	53	52	53	54	23	35
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS									
CCNN	CCSS	Ed. Artística	Ed. Física	LinguaCastelá	LinguaGalega	Mat	LinguaEstranx	Rel	Val
4	4	0	0	5	6	5	4	0	0
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN (curbir en xuño)									-
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS									0
MATERIAS NON CONFORMES									0

## ANÁLISE DA TERCEIRA AVALIACIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Os **resultados** da terceira avaliación foron positivos tendo en conta as dificultades para impartir as programacións previstas nun contexto de crise sanitaria, con moitos alumnos confinados e moitos ritmos de aprendizaxe diferentes dentro da aula; o claustro de primaria, como xa fixo no primeiro trimestre, continúa a valorar a importancia da presencialidade de alumnos e mestres nas aulas e a importancia das relacións sociais que se establecen nos centros educativos que aínda que mermadas e reducidas á mínima expresión seguen a ser vitais na evolución do alumnado, de feito en moitos alumnos, as relacións da escola son as únicas relacións sociais que eses nenos/as están a ter nestes tempos de pandemia e restricións..

A **metodoloxía** empregada nas aulas tentou fomentar a participación do alumnado na súa propia aprendizaxe e potenciar a creatividade:

- Mantivéronse algunhas dinámicas e estruturas do traballo en **equipos cooperativos**, eso si, adaptados ao concepto de aula burbullaco que estamos a traballar neste curso.
- Traballouse por **proxectos** nas áreas de Plástica e Visual, Lingua Galega, Ciencias Sociais e Ciencias Naturais, promovendo unha aprendizaxe significativa e autónoma.
- En 5º e 6º nivel trabállase dentro do **proxecto e-dixgal**. O alumnado dispón dun ordenador no que realiza parte do traballo diario.

**O cumprimento da programación** revisouse nas reunións de ciclo e na sesión de avaliación tendo sempre en conta os contidos que se deixaron de traballar no curso anterior por mor do confinamento nos domicilios e que obrigou a deseñar a programación deste curso escolar tendo en conta esta particularidade. Todos os mestres do centro coinciden en sinalar as dificultades para impartir as programacións con normalidade pois os habituais horarios escolares inclúen neste curso tempos de limpeza e desinfección e tempo para acudir ao comedor escolar; a estes horarios xa de por si extraños se sumaron neste trimestre algunhas coarentenas. Destexeito a programación impartida neste trimestre foi a seguinte:

1ºEP	2ºEP	3ºEP	4º EP	5ºEP	6ºEP
85-100%	80-100%	60-80%	60-80%	80%	70-100%

En canto á **avaliación**, a porcentaxe de alumnado que superou todas as materias é do 85% no total da etapa, e por niveis como aparece natáboa:

1ºEP	2ºEP	3ºEP	4º EP	5ºEP	6ºEP
93%	89%	89%	82%	81%	86%

**O alumnado con dificultades de aprendizaxe** foi avaliado segundo as súas capacidades e tomáronse as medidas de reforzo pertinentes indicadas para cada alumna ou alumno. Revisáronse os apoios establecidos pensando xa no curso seguinte.

No terceiro trimestre tivemos tres alumnos de **atención domiciliaria**, unha alumna de sexto, un alumno de primeiro e unha alumna de educación infantil.

**As propostas de mellora** foron encamiñadas a potenciar os aspectos seguintes:

**- A dinamización lingüística, o fomento da lectura e o uso da Biblioteca Escolar**

Os equipos de Dinamización lingüística e de Biblioteca colaboraron na organización de diferentes actividades (Maíos) buscando sempre fomentar o emprego do galego nas aulas e a realización de lecturas acordes coa idade dos lectores e a época do ano ou efemérides a celebrar. Este ano se cabe, cun dobre esforzo ao ter que prescindir de actividades tradicionais e verse obrigados a reinventar cada unha das celebracións previstas no calendario escolar.

**- A comunicación coas familias**

A participación das familias na vida escolar do centro a través de obradoiros nas aulas, contacontos, festivais, etc viron moi reducida a súa presenza este ano na nosa escola polas esixencias dos protocolos covid; con todo durante o terceiro trimestre, coma nos trimestres anteriores, tentouse manterse contacto coas familias. Dende os equipos tanto directivo como de Dinamización Lingüística, de Actividades Extraescolares e de Biblioteca, e tamén dende as titorías se fixoun grande esforzo para manter abertas canles de comunicación coas familias empregando a páxina web do centro, o espazo Abalar e as aulas virtuais principalmente.



## **- O traballo cooperativo como forma de aprender eficaz e inclusiva**

O profesorado tentou conservar algúns aspectos do traballo cooperativo nas aulas neste primeiro trimestre a pesares das limitacións que supoñen as normas de distanciamento social sinalado

## **- Implementación de actividades STEAM**

Ao longo do segundo trimestre realizáronse as actividades programadas nos proxectos de Club de Ciencias e de Robótica en EP.

No *Club de Ciencias* realizáronse actividades que reforzan os contidos curriculares e outros complementarios en 4º, 5º e 6º de EP. As actividades realizáronse dentro do horario lectivo, ante a suspensión das actividades complementarias de tarde por mor da crise sanitaria.

Dentro do proxecto *Introdución da Robótica en Primaria*, realizáronse actividades na aula ordinaria en 5º e 6º de EP.

## **-Introducción da filosofía do traballo SEM**

Nas aulas de 2º de Primaria estase a traballar con esta metodoloxía que anima a explorar as fortalezas e debilidades de cada alumno, que concibe o erro como unha oportunidade de aprender e que diferencia tres niveis de desempeño na realización das actividades dun proxecto.

## **-Potenciación das ferramentas dixitais e os entornos virtuais dentro e fora da aula**

O traballo nas aulas veuse fortemente condicionado pola actual situación sanitaria e as medidas de prevención establecidas fronte a Covid-19, que están a dificultar o traballo cooperativo, a manipulación de materiais... de ahí a necesidade de recurrir a entornos virtuais con máis frecuencia da habitual e a nas aulas e nos domicilios todo o relacionado coas TIC.

## **-Realización de saídas ao aire libre**

Sen dúbida no terceiro trimestre, tanto o bon tempo como o fin de curso e as mellores condicións sanitarias fixo posible que todos os cursos fixeran unha, dúas o u máis saídas ao exterior, algunhas dentro do horario escolar e outras con estancias máis prolongadas ata media tarde. Os tipos de actividades elixidos foron moi variados: granxas, praia, andainas, parques temáticos, ...

### 4.3.- EDUCACIÓN SECUNDARIA

O alumnado que superou todas as materias supón o **68% do total (aproban todo 120 alumnos dun total de 177)** na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria. Esta porcentaxe é bastante superior á obtida na primeira e segunda avaliación deste curso 2020-2021 que foi do 50 e do 46% respectivamente.

**A porcentaxe de alumnos que aproban todas as materias nos catro niveis é superior ó 60%. En 1º e 4º de ESO esta porcentaxe supera o 70% e en 3º de PMAR alcanza incluso o 83% de aprobados.**

Sinalar que, a comezos deste terceiro trimestre, autorizouse a atención domiciliaria virtual para unha alumna matriculada en 3º de ESO. Polo tanto, neste curso 2020-2021, tivemos 2 alumnas con atención domiciliaria na ESO (unha dende comezo de curso e outra dende finais do 2º trimestre) e esta outra alumna con atención virtual domiciliaria dende comezos de abril. A diferenza das alumnas de atención domiciliaria, esta última acudiu ao centro a facer os exames presenciais e non dispoñía de profesora de atención domiciliaria senón que foi o equipo docente da súa aula o que lle fixo o seguimento.

Dentro do proceso de avaliación, fíxose un seguimento individualizado do alumnado con dificultades de aprendizaxe, tomándose as medidas de reforzo pertinentes indicadas para cada alumna ou alumno, as cales foron rexistradas polo profesorado e polo departamento de orientación.

#### 4.3.1.- 1º ESO

EDUCACIÓN SECUNDARIA 1º CURSO ESO								
NÚMERO DE ALUMNADO:								42
ALUMNADO REPETIDOR:								0
ALUMNADO NEAE		ACI: 0	REFORZO: 10		OUTRAS: 0			
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS:								30
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA:								4
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS:								2
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS:								0
ALUMNADO CON CATRO OU MAIS MATERIAS SUSPENSAS:								6
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS								
BiXe: 38	CCSS: 36	EF: 42	LC: 35	LG: 36	Mat: 35	EPVA: 42	Fr: 32	Ingl: 31
ObMus: 5	ReCa: 20	Va Ét: 22	Prg: 37					
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS								
BiXe: 4	CCSS: 6	EF: 0	LC: 7	LG: 6	Mat: 7	EPVA: 0	Fr: 0	Ingl: 11
ObMus: 0	ReCa: 0	Va Ét: 0	Prg: 0					
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN : (cubrir en xuño)								12
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS:								0

Neste nivel hai 6 alumnos exentos de francés con reforzo en matemáticas e 4 alumnos exentos de francés con reforzo en lingua galega.

#### 4.3.2.- 2º ESO

EDUCACIÓN SECUNDARIA 2º CURSO ESO								
NÚMERO DE ALUMNADO:								54
ALUMNADO REPETIDOR:								2
ALUMNADO CON NEAE		ACI: 0		REFORZO: 18		OUTRAS:		
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS:								33
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA:								5
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS:								4
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS:								3
ALUMNADO CON CATRO OU MAIS MATERIAS SUSPENSAS:								9
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS								
FeQ: 45	CCSS: 45	EF: 52	LC: 42	LG: 47	Mat: 40	Fr: 36	Ingl: 37	Mús: 52
Tec: 51	Va Ét: 26	ReCa: 27	ObPV: 36	Xad: 17				
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS								
FeQ: 9	CCSS: 9	EF: 2	LC: 12	LG: 7	Mat: 14	Fr: 0	Ingl: 17	Mús: 2
Tec: 3	Va Ét: 0	ReCa: 1	ObPV: 1	Xad: 0				
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONA: (a cubrir en xuño)								21
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS: 0 (%)								1

Neste nivel hai 11 alumnos exentos de francés con reforzo en matemáticas e 7 exentos de francés con reforzo en lingua castelá.

#### 4.3.3.- 3º ESO

EDUCACIÓN SECUNDARIA 3º CURSO ESO								
NÚMERO DE ALUMNADO:								43
ALUMNADO REPETIDOR:								2
ALUMNADO CON NEAE		ACI: 0		REFORZO: 0		OUTRAS: 0		
ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS:								27
ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA:								3
ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS:								7
ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS:								1
ALUMNADO CON CATRO OU MAIS MATERIAS SUSPENSAS:								5
ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS								
BiXe: 39	CCSS: 41	EF: 41	EPVA: 43	FeQ: 40	LC: 37	LG: 36	Mat Ac: 31 Mat Ap: 9	Mus: 42
Tec: 34	Fr: 26	CuCla: 13	Ingl: 33	ReCa: 24	Va Ét: 18			
ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS								
BiXe: 4	CCSS: 2	EF: 2	EPVA: 0	FeQ: 3	LC: 6	LG: 7	Mat Ac: 2 Mat Ap: 1	Mus: 1
Tec: 9	Fr: 4	CuCla: 0	Ingl: 10	ReCa: 0	Va Ét: 1			
ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN: (cubrir en xuño)								16
ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS:								

Na materia de matemáticas académicas dos 33 alumnos matriculados 6 son de sección bilingüe e todos, menos 1, superaron a materia.

#### 4.3.4.- PMAR 3º ESO


<i>EDUCACIÓN SECUNDARIA 3º CURSO ESO C</i>								
<b>NÚMERO DE ALUMNADO:</b>								<b>6</b>
<b>ALUMNADO REPETIDOR:</b>								<b>1</b>
<b>ALUMNADO CON NEAE</b>		<b>ACI: 0</b>		<b>REFORZO: 0</b>		<b>OUTRAS: 0</b>		
<b>ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS:</b>								<b>5</b>
<b>ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA:</b>								<b>1</b>
<b>ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS:</b>								<b>0</b>
<b>ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS:</b>								<b>0</b>
<b>ALUMNADO CON CATRO OU MAIS MATERIAS SUSPENSAS:</b>								<b>0</b>
<b>ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS</b>								
<b>ACT: 6</b>	<b>ASL: 6</b>	<b>Tec: 6</b>	<b>Mus: 6</b>	<b>EF: 6</b>	<b>EPVA: 6</b>	<b>Ingl: 6</b>	<b>ReCa: 4</b>	<b>CuCla: 5</b>
<b>Va Ét: 2</b>								
<b>ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS</b>								
<b>ACT: 0</b>	<b>ASL: 0</b>	<b>Tec: 0</b>	<b>Mus: 0</b>	<b>EF: 0</b>	<b>EPVA: 0</b>	<b>Ingl: 0</b>	<b>ReCa: 0</b>	<b>CuCla: 1</b>
<b>Va Ét: 0</b>								
<b>ALUMNADO QUE NON PROMOCIONAN: (cubrir en xuño)</b>								<b>1</b>
<b>ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS:</b>								

#### 4.3.5- 4º ESO

<i>EDUCACIÓN SECUNDARIA 4º CURSO ESO</i>								
<b>NÚMERO DE ALUMNADO:</b>								<b>32</b>
<b>ALUMNADO REPETIDOR:</b>								<b>0</b>
<b>ALUMNADO CON NEAE</b>		<b>ACI: 0</b>		<b>REFORZO: 0</b>		<b>OUTRAS: 0</b>		
<b>ALUMNADO CON TODAS AS MATERIAS APROBADAS:</b>								<b>25</b>
<b>ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA:</b>								<b>3</b>
<b>ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS:</b>								<b>2</b>
<b>ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS:</b>								<b>0</b>
<b>ALUMNADO CON CATRO OU MAIS MATERIAS SUSPENSAS:</b>								<b>2</b>
<b>ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS</b>								
<b>CCSS: 30</b>	<b>VaEt: 14</b>	<b>EF: 31</b>	<b>LC: 31</b>	<b>LG: 29</b>	<b>Tec: 16</b>	<b>MatAc: 23</b>	<b>BiXe: 21</b>	<b>ReCa: 17</b>
<b>FeQ: 23</b>	<b>EPVA: 10</b>	<b>Mus: 11</b>	<b>TIC: 10</b>	<b>Ingl: 25</b>	<b>Fr: 11</b>	<b>Latín: 5</b>	<b>MatAp: 8</b>	<b>CAAP: 9</b>
<b>InAEE: 9</b>	<b>Eco: 5</b>	<b>CuCi: 5</b>						
<b>ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS</b>								
<b>CCSS: 2</b>	<b>VaEt: 1</b>	<b>EF: 1</b>	<b>LC: 1</b>	<b>LG: 3</b>	<b>Tec: 0</b>	<b>MatAc: 0</b>	<b>BiXe: 2</b>	<b>ReCa: 0</b>
<b>FeQ: 0</b>	<b>EPVA: 0</b>	<b>Mus: 0</b>	<b>TIC: 0</b>	<b>Ingl: 7</b>	<b>Fr: 1</b>	<b>Latín: 0</b>	<b>MatAp: 1</b>	<b>CAAP: 0</b>
<b>InAEE: 0</b>	<b>Eco: 0</b>	<b>CuCi: 0</b>						
<b>ALUMNADO QUE NON TITULAN:</b>								<b>7</b>
<b>ALUMNADO CON MÁIS DUN 20% DE FALTAS:</b>								<b>0</b>

## ANÁLISE E VALORACIÓN DOS RESULTADOS OBTIDOS NA ESO E AS SÚAS POSIBLES CAUSAS

En liñas xerais, como se pode ver na gráfica, temos que dicir que o **número de aprobados na ESO supera ó 60% en tódolos niveis.**




Se esta análise a facemos máis polo miúdo deténdonos en cada nivel atopamos que en 2º de ESO é onde hai máis diferenza entre clases na porcentaxe de aprobados, oscilando entre un 35% en 2º ESO A e un 83% en 2º ESO C. Noutro extremo atópase 4º de ESO onde os dous grupos teñen exactamente a mesma porcentaxe de aprobados, cun 78%. En 1º de ESO hai máis dun 10% de diferenza na porcentaxe, sendo 1ºB o grupo con maior número de aprobados. Finalmente os dous grupos de 3º de ESO teñen porcentaxes bastantes similares cun 59% para o grupo A e un 67% para B. Lembremos que neste grupo A houbo 3 partes de incidencia en todo este trimestre e que foi un grupo moi complexo dende que comezaron na etapa de ensino secundario obrigatorio polo que loitar con eles fíxose duro en moitas ocasións. Por último o grupo de 3º de PMAR, a pesar das grandes dificultades destes rapaces, lograron alcanzar o 83% de aprobados.






Todo isto queda reflectido na seguinte gráfica:



Se calculamos a **porcentaxe de alumnos nos catro niveis que suspenden 4 ou máis materias** vemos que é 2º ESO onde teñen unha maior porcentaxe cun 17% . e o que menos 4º de ESO con tan só un 6% de alumnado con máis de 4 materias suspensas.



Finalmente salientar que este curso **dos 32 alumnos matriculados en 4º ESO titulan en xuño 25** é dicir, un **78%**. Así mesmo recóllense na seguinte táboa o número de alumnos que promocionan en xuño por cada nivel:

Nivel da ESO	Número de alumnos matriculados	Número de alumnos que promocionan
1º ESO	42	30
2º ESO	54	33
3º ESO	49	32

#### 4. ORGANIZACIÓN DOS APOIOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

##### 4.1. ALUMNADO QUE ASISTE AS AULAS DO DEPARTAMENTO NO CURSO 2020-21

CURSO	Nº DE ALUMNOS	CURSO	Nº DE ALUMNOS
4º DE INFANTIL	0	5º DE PRIMARIA	6
5º DE INFANTIL	1	6º DE PRIMARIA	10
6º DE INFANTIL	3	1º DE ESO	9
1º DE PRIMARIA	5	2º DE ESO	11
2º DE PRIMARIA	6	3º DE ESO	1
3º DE PRIMARIA	13	4º DE ESO	0
4º DE PRIMARIA	11		

##### 4.2. OBXECTIVOS XERAIS

- Asumir actividades docentes de apoio para os alumnos con NEAE
- Realizar coordinacións cos titores e profesores para deseñar una resposta educativa común
- Apoio e asesoramento metodolóxico e de materiais ós profesores
- Asesoramento e colaboración no deseño, realización e seguimento das ACIs
- Ter canles de comunicación abertos coas familias, apostando pola súa participación activa no proceso educativo
- Programar de forma realista a resposta educativa que se lle ofrece o alumnado dende a nosa aula de apoio

#### 4.3. OBXECTIVOS

Tendo como meta principal que o alumnado coñeza e comprenda os conceptos básicos das áreas instrumentais (Lingua e Matemáticas) tentamos conseguir:

- Que saiban aplicar estes conceptos básicos na resolución de problemas dentro de cada una das áreas do currículo
- Que razoen de forma lóxica
- Que dominen habilidades e técnicas aplicables a tódalas áreas
- Que traballen con eficacia e cumpran as tarefas encomendadas
- Que coñezan o porqué da importancia de adquirir estes conceptos
- Que participen e colaboren activamente na súa aprendizaxe
- Que desenrolem a súa autoestima potenciando a súa madurez
- Que desenvolven a autonomía persoal, socialización e habilidades sociais

#### 4.4. CONTIDOS

Trabállanse fundamentalmente as áreas instrumentais, Lingua e Matemáticas, pero tamén se teñen en conta as habilidades cognitivas básicas, habilidades perceptivas, motrices e sociais inherentes a tódalas aprendizaxes. Son deseñadas para apoiar só aqueles aspectos do currículo nos que se detecte un déficit importante proporcionándolles os recursos necesarios para que as aprendizaxes sexan significativas.

Están referidas a:

- **ASPECTOS COGNITIVOS:** memoria visual, memoria verbal e numérica, conceptos básicos numéricos, cálculo, razoamento abstracto, atención, estratexias de aprendizaxe, percepción espacio-temporal.
- **ASPECTOS DA LINGUAXE:** comprensión e expresión verbal, lectura, ortografía, fluidez verbal e escritura.
- **ASPECTOS PERCEPTIVOS:** percepción visual, auditiva e táctil.
- **ASPECTOS MATEMÁTICOS:** técnicas de operatividade e resolución de problemas
- **ASPECTOS AFECTIVOS:** autonomía persoal, socialización e habilidades sociais.
- **ASPECTOS MOTRICES:** esquema corporal e coordinación manual.

#### 4.5. METODOLOXÍA

Non existe unha metodoloxía única aplicable a tódolos alumnos, xa que cada un deles ten unas necesidades educativas particulares, pero si existen uns principios xerais que se teñen en conta como son a individualización, intuición, actividade e globalización procurando crear condicións ambientais controladas para entrenar a atención e evitar a dispersión; propiciando un ambiente de traballo estruturado e dirixido para entrenar a sistematización e organización do traballo; encomendando tarefas curtas, concretas e motivadoras para favorecer o interese polo traballo; e proporcionando explicacións individuais detalladas.

#### AS TICs NAS AULAS DE PT/AL

Nas aulas do D.O. poténciase o uso do ordenador e o manexo de programas informáticos, xa que axudan os alumnos a completar a súa formación.

Estes medios tecnolóxicos aportan os alumnos con NEAE unha serie de vantaxes:

- Axudan a superar limitacións á hora de entender conceptos, afrontar decisión ou motivar ós alumnos



- Favorecen a autonomía
- Favorecen a comunicación cos profesores e cos seus compañeiros
- Evitan a marxinação que pode producir o feito de verse desprovisto destas ferramentas
- Proporcionan momentos de ocio e intentan ser un instrumento motivador para os alumnos
- Aforran tempo na adquisición de habilidades e destrezas

#### 4.6. ACTIVIDADES

As actividades a desenrolar na aula prográmanse tendo en conta as indicacións do informe individual de cada alumno, a partires do seu nivel competencial e tendo en conta os seguintes principios básicos:

- Secuenciación e priorización dos obxectivos básicos.
- Priorización e secuenciación dos contidos básicos.
- Gradación de actividades segundo o seu nivel de complexidade.
- Flexibilización do nivel de esixencia nas actividades realizadas.

Trátase en definitiva de reforzar os aspectos básicos como a comprensión e expresión, o cálculo, o razoamento lóxico así como de reforzar e enriquecer o uso do vocabulario e mellorar a expresión formal, tanto oral como escrita, incluída a ortografía, aspectos todos que serán básicos para tódalas materias.

Na atención ó alumnado priorízanse os aspectos relacionados coa autonomía persoal e escolar, os prerequisites sobre as técnicas instrumentais básicas e a linguaxe oral en canto a corrección da fala, linguaxe e comunicación sobre as demais áreas do currículo

#### 4.7. AVALIACIÓN

Faise trimestralmente nas sesión de avaliación en colaboración coa orientadora, PT, AL, persoa titora e demais profesorado do alumnado.

As decisión sobre os cambios, se é o caso, das medidas de actuación de cada neno e nena queda sempre reflectida na ficha individualizada do alumnado. De todos xeitos, cando as circunstancias o precisan fanse outras reunión en calquera momento do curso.

Avalíase o progreso obtido, o esforzo, o interese e o grao de consecución dos obxectivos de xeito consensuado co equipo de profesores que atende o alumnado, e tamén a metodoloxía empregada e a adecuación dos recursos utilizados.

#### 4.8. COORDINACIÓN

O deseño de estratexias de traballo e criterios comúns de actuación, o consensuar aspectos metodolóxicos, a avaliación e o seguimento tanto do alumnado como do proceso, así como a modificación ou eliminación de calquera medida, son abordadas coordinadamente por todo o profesorado implicado.

#### COORDINACIÓN PT/AL COS TITORES/PROFESORES DE ÁREA

Fanse periodicamente en función das necesidades que se van presentando e tratan principalmente de:

- elaborar ou actualizar as programacións ou ACIs
- establecer os recursos materiais necesarios
- realizar o seguimento e a avaliación
- establecer criterios comúns de actuación

## COORDINACIÓN PT/AL COA ORIENTADORA

Son reunión mensuais. Trátanse tódalas cuestión relacionadas co departamento xurdidas o longo do mes.

## COORDINACIÓN COAS FAMILIAS

A coordinación coas familias é moi importante no ámbito educativo, pero cando se trata de nenos e nenas con problemas engadidos, a reunións fanse imprescindibles. A familia debe participar e para iso debémolle dar unas pautas de actuación, e ir dándolles información da evolución do neno ou nena.

Esta relación coa familia é bidireccional. Cada unha das partes pode pedir reunirse para tratar diversos temas de interese.

## 4.9. DIFICULTADES ATOPADAS E PROPOSTAS DE MELLORA

Con respecto a aula de AL e de PT, as circunstancias son as mesmas que nos cursos pasados, é dicir seguimos sen poder responder adecuadamente a todas as necesidades dos nosos alumnos e alumnas por falta de horario dispoñible. Precisaríamos por tanto aumentar os recursos humanos tanto en Pedagogía Terapéutica como Audición e Linguaxe.

## 4.10 A INTERVENCIÓN CO ALUMNADO DE PT E AL DENDE A INTERRUPCIÓN DAS CLASES PRESENCIAIS ATA FINAL DE CURSO.

### **Alumnado con discapacidade motórica:**

➤ *Contacto co alumnado e as familias:*

Telefónico, por whatsapp e por correo electrónico

➤ *Coordinación cos seus titores:*

Telefónico, por whatsapp, por correo electrónico e reunións por videoconferencia (CISCO WEBEX).

➤ *Seguimento académico:*

Nun primeiro momento optouse por enviar actividades adaptadas con pictogramas ao correo electrónico das súas familias.

Posteriormente, recolleuse no colexio moito do material co que traballaban a diario na aula de PT e enviúselles ás súas casas, posto que precisan de material manipulativo (impreso a cor, plastificado, con imaxes de gran tamaño...).

Actualmente se traballa da seguinte forma, e se non hai cambios que obriguen a cambiar e adaptar a metodoloxía de traballo seguirá sendo a seguinte: a profesora de PT envíalles unha

“Planificación semanal” de actividades que deben facer coas súas familias, a modo das rutinas que facíamos no colexio: calendario, tempo meteorolóxico, numeración, libros adaptados de cada materia...

➤ *Seguimento emocional:*

Contacto telefónico coas súas familias unha vez á semana para realizar o seguimento emocional: escoitar as preocupacións e inquedanzas, tranquilizar, animar...

Nestas chamadas telefónicas A PT intenta tamén ter contacto cos eles e transmitirles afecto, normalidade e tranquilidade.

**Alumnado con ACS:**

➤ *Contacto co alumnado e as familias:*

Telefónico, por whatsapp e por correo electrónico ou a través de Servizos Sociais do Concello.

➤ *Coordinación cos seus titores:*

Telefónico, por whatsapp, por correo electrónico e reunións por videoconferencia (CISCO WEBEX).

➤ *Seguimento académico:*

En xeral o seguimento académico do alumnado con AC por parte das profesoras de PT é o seguinte:

Envío a través do correo electrónico/whatsapp/servizos sociais de actividades previamente adaptadas segundo as súas necesidades.

Unha vez recibidas, as familias imprímenas ou as realizan no ordenador ou nas fichas en papel (no caso do traballo entregado pola educadora familiar do Concello) segundo o caso.

Se a familia o considera necesario reenvían as tarefas realizadas para a súa corrección por parte das PT, en ocasións por correo, escaneadas e noutras ocasións mediante fotografías, por whatsapp.

Nun principio custounos un pouco establecer unha rutina diaria de actividades, pois algunhas familias tiñan problemas co ordenador. Actualmente na maioría dos casos xa están perfectamente



adaptadas a esta forma de traballar e todo flúe coa normalidade que se pode esperar nesta situación.

➤ *Seguimento emocional:*

As profesoras de PT teñen contacto telefónico coas familias aproximadamente unha vez á semana para interesarse por como se atopan, tanto física como animicamente e eles expoñen as súas preocupacións e inquedanzas, principalmente relacionadas coas repercusións que isto está tendo e terá nos seus fillos.

Nestas chamadas telefónicas tamén falan cos nenos e nenas coa finalidade de tranquilizalos, animalos e realizar un seguimento emocional.

**Alumnado con reforzo:**

Nalgúns casos o un titor o titora solicita ó departamento tarefas para alumando que acudiu a PT durante o curso. Nestes casos o asesoramento é mais indirecto, xa que se realiza a través dos e das titores e titoras.

➤ *Contacto co alumnado e as familias:*

O contacto coa familia lévao a cabo a súa titora e Servizos Sociais.

➤ *Coordinación cos titores:*

Telefónico, por whatsapp e por correo electrónico.

➤ *Seguimento académico:*

Prepáranse actividades en función das súas necesidades e na liña do que se traballaba antes da suspensión das clases.

Este material pode enviarse por correo ós titores e/ou ser impreso e entregado por medio de Servizos Sociais.

## **5. INFORME INDIVIDUAL DA AVALIACIÓN INDIVIDUAL DO TERCEIRO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E DA AVALIACIÓN FINAL DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Non se levaron a cabo as avaliacións, debido as restricións do estado de alarma provocado polo COVID-19

## **6. ANÁLISE E VALORACIÓN DOS CRITERIOS APLICADOS NA CONFECCIÓN DE HORARIOS**

Os horarios realizáronse conforme aos criterios establecidos na normativa vixente e aprobada nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

Conseguíuse que en calquera momento da mañá haxa algún membro do Equipo Directivo no despacho para solucionar posibles problemas ou atender ás necesidades de Secretaría.

Os horarios finais foron na medida do posible moi axeitados aos intereses do profesorado logrando así favorecer o desenvolvemento das súas funcións docentes nun bo clima de traballo

Por outra banda, nas celebracións conxuntas e actividades culturais a nivel de Centro, unificouse o horario de Infantil-Primaria co de Secundaria; como o resultado foi positivo, continuaremos na mesma liña nos cursos sucesivos.

A situación de pandemia provocada pola COVID-19 tamén afecta a confección de horarios debido aos desdobres realizados este curso académico.

## **7. ANÁLISE E VALORACIÓN DA ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.**

Os órganos colexiados cumpriron o calendario de reunións establecidas como mínimos na lexislación vixente así como os marcados no Plan Xeral Anual (salvo modificacións que foron debidamente informadas aos interesados). Ademais, reuníronse noutras ocasións non previstas para o cumprimento das súas funcións, como celebracións de claustros extraordinarios e para programar actividades concretas relacionadas con celebracións e efemérides.

Todas as sesións dos órganos de goberno, están recollidas nas correspondentes actas custodiadas polo equipo directivo.

Os órganos unipersoais de goberno intentaron implicar a toda a comunidade educativa con vistas a conseguir as nosas finalidades educativas. Pese ao empeño, non sempre se conseguiu este obxectivo.

Intentouse, por parte do Equipo Directivo, crear un clima relaxado e de estímulo que anime ao profesorado a una participación activa que permítise traballar sen tensións. Salvo momentos puntuais, derivados na maioría dos casos de problemas disciplinarios con alumnos/as de EP e a ESO, este obxectivo conseguiuuse.



Os cambios obrigados nas actuación dos diferentes órganos de goberno pola situación provocada polo estado de alarma, se centraron sobre todo na implementación de medios telemáticos, sobre todos as videoconferencia

## **8. ANÁLISE E VALORACIÓN DA ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: EQUIPOS DE CICLO E DEPARTAMENTO**

Cumpríronse as reunións periódicas da Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipos de Ciclo e De Departamento reflectidas no calendario establecido no Plan Xeral Anual. Nestas reunións programáronse, analizado e valorado aspectos educativos, chegando case sempre a un consenso nas actuacións e decisións sobre centros de interese, actividades comúns, actividades complementarias, intervención cos pais/nais, medidas concretas con determinados alumnos, acción titorial, coordinación docente etc. En ocasións, e debido á gran cantidade de actividades programadas, as reunións de ciclo non contaron co tempo necesario.

Os cambios obrigados nas actuación dos diferentes órganos de coordinación pola situación provocada polo estado de alarma, se centraron sobre todo na implementación de medios telemáticos, sobre todo as videoconferencias

A partir de setembro recuperándose as reunións presenciais, pero continúan nalgún caso as reunións telemáticas

## **9. AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTUACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.**

O Plan de Acción Titorial do curso 200/21 logrou cumprir cos obxectivos propostos de optimizar o desenvolvemento psicosocial do alumnado, personalizar os procesos de Ensino/Aprendizaxe así como de coordinar a acción educativa do Equipo Docente ademais de asesorar e axudar o alumnado na súa autoorientación e colaborar coas familias no seu labor educativo.

Para o cumprimento destes obxectivos se levou a cabo entre outras accións as seguintes:

- A presentación do novo curso baseada no coñecemento do centro por parte dos alumnos novos así como o coñecemento dos compañeiros e do profesorado, informando tamén sobre: calendario escolar, horario de titoría, actividades complementarias e extraescolares que ofrece o centro, etc.
- A información sobre os protocolos a seguir este curso escolar por mor da COVID-19, así todas as persoas titoras, analizan nas aulas todas as medidas a seguir e aclaran as dúbidas ao alumnado e as familias. Neste proceso teñen a colaboración da dirección e do departamento de Orientación
- -O estudo do expediente dos alumnos e recollida de información relevante para poder realizar a avaliación inicial dos alumnos e a detección das necesidades específicas. Esta avaliación será

continua de cada alumno ó longo do curso, para detectar posibles necesidades educativas dos alumnos e poñendo en marcha as medidas de atención oportunas.

- Implicouse a participación de tódolos profesores pero principalmente dos titores, coa axuda do departamento de orientación e coa coordinación dos xefes de estudos no desenvolvemento das actividades recollidas no Plan de Acción titorial tanto para Educación Infantil, como Educación Primaria e Secundaria.
- O uso continuo dos recursos materiais dos Departamento de Orientación pois conta con abundante material para o apoio á función titorial como son materiais propios da titoría en grupo, bibliografía sobre como desenvolver a función titorial, bibliografía específica sobre temas específicos a tratar na titoría e materiais elaborados polo propio departamento.
- Uso de medios como Espazoabalar, Aula Virtual, EDixgal, Videoconferencias e outros medios telemáticos para poder seguir desenvolvendo os plans a partir do 13 de marzo, con motivo das circunstancias motivadas polo estado de alarma

Contamos con axentes externos que colaboran na atención do alumnado en temas puntuais:

- Servicios Sociais do Concello (convivencia e resolución de conflitos)
- Persoal doutros centros ( Información Académica e Profesional)
- Charla da Garda Civil sobre os peligros de interne
- Familias, Universidades, Forzas Armadas

Como proposta de mellora destacamos xa que a maior parte da función titorial desenvólvese nas propias aulas pero sería convinte contar con máis dun espacio adicado a entrevistas cos pais/nais dos alumnos así como un espacio amplo coa suficiente capacidade para albergar a alumnos e profesores de varios cursos

## **10. INFORME DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.**

### ***Informe da Xefatura de Estudos de EI-EP sobre as incidencias relacionadas coa convivencia escolar no terceiro trimestre.***

A crise sanitaria e a aplicación dos protocolos covid-19 continuaron a afectar a toda a vida do centro ata o final do curso, pero a mellora da situación sanitaria na nosa comunidade autónoma e nos concellos colindantes abriu unha pequena porta á esperanza que, xunto coa chegada do bo tempo, supuxo un soplo de aire fresco que se colou en todas as clases que pouco a pouco foron programando unha, dúas ou máis actividades ao aire libre, saídas e excursións que sen dúbida axudaron a todos a chegar ata o final dun curso difícil e complicado para todos, e sobre todo, moi diferente ao que estabamos acostumados.

Dos incidentes ocorridos sinalar quizáis os seguintes:

#### **10.1 Educación Infantil**

Poucos incidentes que reseñar, problemas puntuais algún día á entrada ou á saída con algún neno/a e os seus pais, dificultade para continuar ata o final do curso sen empregar os columpios do parque como se recomendaba no protocolo covid recomendado dende a Consellería, ante a apertura dos parques do concello, e as dificultades do mal tempo nos últimos días do curso que impediron unha boa festa fin de curso no exterior como tiña pensado o profesorado de Infantil.

Destacar tamén a preocupación tamén pola situación familiar dun alumno de 4 anos, preocupación que se trasladou á educadora social do concello.

#### **10.2 Educación Primaria**

##### **1º Nivel / 2º Nivel EP**

Aparte de continuar controlando as faltas de asistencia dalgún alumno/a de primeiro e de segundo, nun ano complicado de comprobar ante as consultas telefónicas e non presenciais, sen xustificantes escritos, neste trimestre parte dos esforzos se concentraron no tratamento dos problemas de relacións persoais entre o alumnado dunha das aulas de segundo.

### **3º Nivel / 4º Nivel EP**

Neste ciclo continuou a preocupación pola situación familiar dalgunhas alumnas de terceiro, situación que se tratou de esclarecer en colaboración coa asistente social.

En terceiro continuaron as queixas dunha nai en relación á titoría da súa filla e tivemos tamén algunha queixa en relación ao comportamento dalgúns nenos/as nos tempos de espera no patio dos nenos/as de comedor á saída.

### **5º Nivel/ 6º Nivel EP**

Das clases de quinto destacar a preocupación dunha das titoras por un alumno que levou a citar varias veces aos pais para ter unha reunión con eles na xefatura de estudos, reunión que despois de ser adiada varias veces por fin tivo lugar case no final do curso. Da outra clase de quinto destacar a situación de risco social dun dos alumnos na que se está a intervir dende Asuntos Sociais do concello.

Nos sextos destacar tamén neste trimestre a grave situación familiar de dous alumnos en man de Asuntos Sociais, especialmente dun deles que foi declarado como un caso de grave risco social, e tamén as dificultades económicas dalgunha familia que precisou intervención do concello.

Citar tamén as queixas da nai dunha alumna en atención domiciliaria, que lle foron transmitidas á mestra de atención a domicilio para tratar de solventalas.

Tamén nestes cursos tivemos tamén algunha queixa en relación ao comportamento dalgúns nenos/as nos tempos de espera no patio dos nenos/as de comedor á saída.

### ***Informe da Xefatura de Estudos de ESO sobre as incidencias relacionadas coa convivencia escolar no terceiro trimestre.***

Os problemas de convivencia escolar rexistrados durante o terceiro trimestre do presente curso foron analizados segundo o contemplado na *lei 4/2011, do 30 de xuño*, de convivencia e participación da comunidade escolar e o *decreto 8/2015*, do 8 de xaneiro, que a desenvolve. Así mesmo, a concreción destes documentos á realidade do noso centro témola recollida nas Normas de Organización e Funcionamento, NOF. Este ano, dito documento, contén unha adenda sobre as normas do protocolo covid-19 debido á situación epidemiolóxica que estamos vivindo.

As condutas contrarias á convivencia que se desenvolveron entre o alumnado durante o terceiro trimestre foron clasificadas segundo establecen os artigos 15 e 16 da lei de convivencia en “**Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**” e “**Condutas leves contrarias á convivencia**” respectivamente, tal como se reflicte tamén no NOF do centro.

O seguinte cuadro mostra un resumo dos partes de incidencias que figuran arquivados na xefatura de estudos de ESO.

PARTES DE INCIDENCIAS	GRUPOS		
	A	B	C
<b>1º ESO</b>	1	1	
<b>2º ESO</b>	0	0	0
<b>3º ESO</b>	3	0	0
<b>4º ESO</b>	0	1	
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>		

Para a corrección destas condutas tívose en conta o contido tanto no artigo 18 (*Principios xerais das medidas correctoras*) coma nos artigos 21 (*Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais contrarias á convivencia*) e 22 (*Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia*) da lei de convivencia.

#### **1º ESO A**

Houbo tan só un parte de incidencia a un alumno.

#### **1º ESO B**

Houbo un só parte de incidencia a un alumno.

#### **3º ESO A**


Nestes meses houbo 3 partes de incidencia a 3 alumnos diferentes pero un deles tivo, como medida correctora, a expulsión do centro durante 3 días.

#### **4º ESO B**

Neste grupo houbo tan só un parte de incidencia a 1 alumno que tivo, como medida correctora, a expulsión do centro durante 3 días.

Ó final do trimestre é **3º ESO A**, polo tanto, **o que ten un maior número de partes de incidencia, 3 de 6, é dicir, un 50% do total.** Destes 3 partestodos corresponderon a faltas de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que foron atenuadas a leves para intentar diminuír a medida correctora.

Non obstante, hai que salientar que a gran maioría de incidencias, como é costume, corresponden a casos principalmente de actitudes disruptivas que impiden o desenvolvemento normal da clase ou actitudes pasivas que afectan ao transcurso da clase e que son resoltas con sancións inmediatas por parte do profesor implicado, o titor, a xefa de estudos ou o director.



Como resumo global dicir que das 6 incidencias rexistradas (tanto documentalmente como no xade) todas foron de carácter leve excepto 2 (33%), que levaron a impoñer medidas correctoras importantes, as cales foron comunicadas directamente ao pai e á nai do alumno. Se facemos un balance global do curso lembremos que no primeiro trimestre houbo 8 partes comunicados á xefatura de estudos xusto a metade dos que houbo no segundo trimestre, consecuencia, probablemente, dunha maior relaxación nas medidas do protocolo do plan da adaptación ao contexto da COVID-19. Neste último trimestre, porén, houbo tan só 6 partes de incidencia comunicados á xefatura de estudos. Polo tanto o balance global do curso é moi satisfactorio en canto a número de incidencias o cal se debe presumiblemente á aplicación do protocolo covid.

Así mesmo, no presente trimestre non se tramitou ningún expediente disciplinario entre o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

Neste terceiro trimestre podemos clasificar o clima de convivencia no centro en secundaria como **MOI BO**.

## **11. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.**

Os intereses, necesidades e inquietudes do profesorado van dirixidas claramente a dous aspectos: por un lado o uso, aplicación e utilización do libro dixital EDIXGAL e o Aula Virtual do Centro, o **Traballo Cooperativo** así como a formación en **Competencias Clave**, a avaliación por competencias, a implementación do Plan de Igualdade no centro e a participación no Programa Erasmus K229

### **Liñas de actuación propostas**

- Programación, desenvolvemento e avaliación de competencias clave segundo os novos currículos
- Mellora do desempeño profesional docente e actualización científica e didáctica do profesorado
- Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.
- Programas europeos e internacionais: accións e plans de promoción e desenvolvemento.
- Escola inclusiva e atención á diversidade.

### **Obxectivos**

- Actualización do profesorado no desenvolvemento de competencias clave e avaliación según os currículos LOMCE.
- Extender e facilitar a formación en TIC e no uso do traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais.
- Coñecer e profundizar noutros sistemas educativos europeos para avanzar na competencia lingüística e coñecer diferentes modelos educativos.
- Incluir estratexias de aprendizaxe cooperativo dentro das aulas.
- Formar ao profesorado na aprendizaxe baseada en proxectos.
- Actualización en materia de atención a diversidade e aos cambios metodolóxicos asociados.
- Formación e actualización do profesorado en ámbitos científico-tecnolóxicos, formación STEM.

## Itinerarios

Desenvolvemento das competencias clave e da avaliación segundo a LOMCE
Escola inclusiva e saudable. Atención á diversidade e igualdade no CPI de Atios
Os libros dixitais no CPI Atios
O desenvolvemento do proxecto Erasmus + no centro
Mellora das competencias clave. Competencias clave en ciencia e tecnoloxía
Enriquecemento curricular. Proxecto SEMGAL III
A familia como motor de cambio. Educar no esforzo e na responsabilidade

## Actividades asociadas

## Horas

Actividades asociadas	Horas
F2001064 ,Actualización no uso de ferramentas tecnolóxicas no CPI de Atios	10
F2001065 Escola de nais e pais. As familias e a súa integración no centro	6
F2001066 Afondamento Proxecto SEMGAL III	10
F2001067 O traballo por proxectos. Un novo modelo educativo	8
F2005112 Traballo por proxectos no CPI de Atios	20
F2005114 Contrato-Programa. Estilo de vida saudable. Promoción da actividade física no centro	30
F2005115 Erasmus K229 o novo reto	30
F2006048 As ferramentas dixitais no CPI de Atios	20
F2006049 Coñecemento da contorna. Rutas xeoreferenciadas na comarca de Ferrolterra	30
F2006050 Bosque Escola. Vivindo a natureza	30
F2006051 Contrato-Programa. Mellora das competencias clave. Gravación de vídeo e son	20
F2006052 Contrato-Programa. Inclúe-T. Educar na igualdade e na inclusión	20
F2006053 Afondamento Proxecto SEMGAL III no CPI de Atios	40

### Primeiro trimestre:

Xa están en marcha todos os curso agás:

- “Coñecemento da contorna” o motivo e a situación restrictiva da pandemia
- “Gravación de vídeo e son” o motivo e a biaxa do coordinador e relator do grupo de traballo.
- “ Bosque Escola” o motivo é a decisión dos participantes de non realizar o curso este ano

### Segundo trimestre:

Xa están en marcha todos os curso agás os mencionados no primeiro trimestre, moitos deles están xa moi avanzados.

Están finalizados os cursos:

- “Inclúe-T” con 20 horas de formación
- “As ferramentas dixitais” con 20 horas de formación



- **Terceiro trimestre**

Logramos rematar to PFPP 20-21 pero coas seguintes variacións que presentamos a continuación.

Do proxecto inicial non se remataron 2 actividades, debido ao problema suscitado polas restriccións xeradas pola COVID-19

- F2006049 Coñecemento da contorna. Rutas xeoreferenciadas na comarca de Ferrolterra
- F2006050 Bosque Escola. Vivindo a natureza

O resto de actividades do plan completáronse usando medios telemáticos e con traballo individual do profesorado

A valoración final é positiva a pesar das dificultades como relacionamos a continuación

- Cumprimento dos obxectivos

Dos diferentes obxectivos que tiñamos ao inicio do proxecto cremos que nunha alta porcentaxe están acadados. Polo menos para as actividades que logramos finalizar.

Observamos como o profesorado, cada vez máis, opta pola metodoloxía baseada en proxectos, coa axuda das novas tecnoloxías e sen olvidar a primordial atención á diversidade do noso alumnado.

Neste proxecto tamén nos axudou o coñecemento doutros sistemas educativos europeos.

- Aproveitamento da formación

Aínda que inicialmente tiñamos 48 profesores/profesoras que ían participar no plan de formación, finalmente e por diferentes circunstancias algunha destas persoas non fixeron as respectivas actividades. Aínda así a participación foi moi boa

- Implicación do profesorado

Desde o centro consideramos que a mellor maneira de formarse o profesorado é a través dos PFPP, por adecuarse ás necesidades de cada un dos participantes.

- Expectativas de continuidade

O profesorado este ano máis que nunca expresa o seu desexo de continuidade do plan, para poder reamtar o vindeiro curso as actividades pendentes

- Grao de satisfacción do equipo interno co traballo realizado

Consideramos que o grao de satisfacción co traballo realizado é alto, pero como en calquera outra faceta, tentaremos mellorar.

**Puntos fortes:**

O interese do profesorado en formarse e manterse actualizado nas novas tecnoloxías e metodoloxías didácticas, así coma a adaptación á lexislación vixente e os métodos de avaliación competencial.

Os equipos edixgal do alumnado foi completamente renovado no pasado curso escolar

Profesorado do propio centro que imparte formación de xeito desinteresado.

O equipamento da aula de informática foi renovado.



### **Puntos débiles:**

A conexión a internet, que aínda que mellorou ás veces falla.  
A non celebración de algunha das actividades programadas

### **Propostas de melloras:**

Renovación paulatina dos equipos informáticos obsoletos.

## **12. ANÁLISE DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.**

### **Datos xerais:**

Inicio do proxecto: A primeira reunión para a constitución do equipo foi o 30 de setembro de 2020.

Aulas e cursos implicados: Todas as aulas e todos os cursos do centro educativo. As actividades organizadas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (EACE) están dirixidas a todo o alumnado das diferentes etapas. O equipo está composto por membros de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria que traballamos, conxuntamente, na posta en marcha e funcionamento deste tipo de actividades. Polo tanto, en maior ou menor medida, todo o alumnado e todo o profesorado participa e colabora co EACE.

### **Introdución:**

Este curso escolar 2020-2021, ao igual que en anos anteriores, o **Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares** ten como finalidade e obxectivo planificar e organizar as diferentes actividades complementarias e extraescolares do centro que se levarán a cabo durante todo o curso, en estreita colaboración co resto de equipos e dinamizacións, principalmente co **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** e co **Equipo de Biblioteca**. Periodicamente, realízanse reunións cos membros destes equipos de cara a organizar e propoñer as diferentes actividades.

Debemos ter en conta, no entanto, que, a diferenza de cursos anteriores, nos atopamos nunha situación anómala a causa da crise sanitaria xerada pola pandemia da COVID-19, que o 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de **emerxencia de saúde pública** e que, polo tanto, no presente curso escolar, nos atopamos cun contexto complicado para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares nos centros educativos. Tendo en conta a **normativa** e os **protocolos** xurdidos a causa desta crise (*Protocolo xeral de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021, Actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo de xullo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 e Plans de adaptación, acollida e continxencia do CPI Atios, que poden consultarse na web do centro, <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=node/1204>*) tivemos e temos que modificar, eliminar ou substituír por outras moitas das actividades que xa eran tradicionais no noso centro.

## Actividades realizadas no primeiro trimestre:

### Proxecto anual do centro

Durante este primeiro trimestre púxose en marcha, dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o proxecto anual do centro que, no presente curso, xira arredor dos gatos e da súa importancia, non só dentro do mundo animal, senón tamén en relación coa cultura, coa lingua e coa arte nas distintas civilizacións e ao longo do tempo. Deste xeito, “GATios” pretende abranguer distintas disciplinas, traballando aspectos que van dende a xenética dos gatos, ata os refráns en francés nos que se menciona a estes simpáticos animais, ou mesmo a obra pictórica na que aparecen os felinos, incluíndo as ilustracións de Castelao.

A causa da situación xerada pola COVID-19, e en cumprimento dos protocolos antes mencionados, non se puido realizar, como en cursos anteriores, unha exposición “física” na entrada do centro nin no comedor escolar dos traballos elaborados ata o momento, senón que se están a desenvolver como tarefa de aula, aínda que non se descarta facer exposicións virtuais colgando os materiais confeccionados na páxina web do centro.

### Venres gastronómicos

Debido á situación COVID, o atraso no comezo das clases e a reorganización das actividades de todo tipo para adecualas ao protocolo, a escolla e posta en práctica do proxecto anual comezou tarde e ata decembro non se levou a cabo o primeiro venres gastronómico. Neste mes, a proposta centrouse no traballo da materia de Francés da ESO, que xirou arredor dos gatos nos refráns franceses. Deste xeito, a partir da tradución da expresión “Aujourd’hui on va vous rouler en farine”, que para nós sería o equivalente a “Dar gato por lebre”, elaborouse un menú que tivo como protagonista o coello.

<b>DATAS</b>	<b>1º PRATO</b>	<b>2º PRATO</b>	<b>SOBREMESA</b>
<i>18 de decembro de 2020</i>	Pan de noces con xamón e queixo	Gibelotte de lapin aux champignons (guiso de coello con champiñóns)	Pera

### Bo día, Atios!

Tamén houbo que modificar o xeito de proceder nesta actividade a causa da situación COVID. En lugar de ser o alumnado o que “pincha” a música ao entrar nas clases a primeira hora da mañá (xa que non pode manipular ningún material que non sexa o seu propio), encárgase desta tarefa o conserxe ou o profesorado do EDLG. Este curso, no canto de aceptar as peticións dos rapaces e das rapazas, optouse por poñer música aleatoria en galego de diferentes estilos para dárllela a coñecer.

### Día de Carvalho Calero

Coincidindo coa data de nacemento do autor ferrolán, o 30 de outubro, e por mor da non celebración do Día das Letras Galegas a causa do confinamento no día que lle correspondía, organizáronse unha serie de actividades para facer na aula, que foron propostas dende a Biblioteca, o EDLG e o EACE e que se colgaron, para tal efecto, na páxina web do centro. Cada grupo tivo que facelas na súa aula, pero leváronse a cabo de xeito simultáneo en todo o centro. Estas actividades consistiron en xogos, consulta de páxinas e vídeos sobre o autor e incluso a visualización dun “vídeo

musical” no cal algunhas rapazas de 4º ESO cantaron un poema de Carvalho Calero musicado, que prepararan xa o curso pasado para A Mocidade coa Lingua.

### Magosto e Samaín

O venres 13 de novembro celebramos o Magosto e o Samaín e colaborouse na organización das distintas actividades propostas polo EDLG.

Ao tradicional concurso de cabazas e centros de outono, engadiuse este ano a categoría de colares de zonchos mais, en todos os casos, o xeito de participar tivo que ser diferente para cumprir o protocolo COVID. En lugar de realizar unha exposición no propio centro, como era o habitual, o alumnado sacoulles fotos na casa ás súas creacións artísticas, imaxes que posteriormente enviaron vía correo electrónico para seren valoradas polo xurado.

Tamén por causa da situación COVID non se puido levar a cabo a aula terrorífica que nos cursos anteriores tanto gustara a grandes e pequenos, pero os alumnos e as alumnas de 4º da ESO disfrazados da Santa Compañía conseguiron amedrentar a máis de un/unha deambulando polos corredores do centro mentres a rapazada os/as observaba dende as súas aulas.

Aínda que as castañas só se podían degustar se se traían da casa (cada persoa as súas), o alumnado puido gozar no exterior, durante os recreos, duns xogos populares organizados polo Departamento de Educación Física. Nas clases, o alumnado aproveitou para informarse sobre o Samaín con distintos materiais achegados polo EDLG, a Biblioteca e o EACE, ademais de contar historias de medo previamente escritas polos propios rapaces e rapazas.

### Día contra a Violencia de Xénero

O día 25 de novembro, a primeira hora da mañá, celebrouse o Día contra a Violencia de Xénero. Previamente, ao longo das semanas anteriores, todo o centro participou na elaboración dunha canción colectiva na que cada clase escribiu un verso para o que, posteriormente, compuxo unha melodía a profesora de Música de EI e EP. Logo de gravar a canción, interpretada por algúns profesores/as do centro, o alumnado, en cada clase, elaborou unha coreografía para realizar un vídeo no que todo o mundo saíse bailando a canción. Este vídeo musical estreouse para todo o centro o propio día da conmemoración, no que tamén se traballou o tema a partir de materiais proporcionados polo EDLG e pola Biblioteca. Ademais, arredor desa data, o Departamento de Orientación organizou varias saídas e actividades que mencionamos máis abaixo.

### Certame de microrrelatos e micropoesía Carmela Loureiro

Aínda que este curso se retrasou tanto a convocatoria do certame como a data límite de entrega dos traballos (que non será ata finais de xaneiro), o alumnado xa comezou durante o mes de decembro a escribir os seus microrrelatos e micropoemas nas clases de Lingua Galega. O concurso, que se propón a través do EDLG, está organizado polo Concello de Ferrol e a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra.

## Celebración de Nadal

Para o concurso de postais de Nadal, que se organizou nas datas previas á celebración desta data, optouse polo mesmo sistema que o utilizado no Magosto, é dicir, sacar unha foto á postal e enviala ao enderezo de correo electrónico de actividades do centro. Neste caso, fíxose unha selección previa dende as titorías, que enviaron a continuación as postais escollidas por medio deste procedemento.

O último día de clase antes das vacacións, o martes 22 de decembro, tivo lugar unha celebración moi orixinal, tendo en conta que non podía facerse doutro xeito a causa da situación COVID. A través de Webex, todas as aulas se conectaron á programación especial de Nadal na que presentadores/as e reporteiros/as de 4º ESO A foron percorrendo os corredores e os distintos espazos do centro para ver como se estaba a desenvolver a celebración: entrevistaron o Apalpador, Papá Noel e os Reis Magos, ademais dalgún profesor ou profesora; retransmitiron as badaladas ás 12:00 horas do mediodía (sen uvas, pero con coreografías e celebracións)... Deste xeito, creouse un ambiente festivo e simultáneo en todas as clases, aínda que o alumnado non puidese saír da súa aula. Ese mesmo día, ademais, fíxose entrega dos premios ás postais de Nadal gañadoras.

Os diferentes ciclos e departamentos organizaron unha serie de excursións, saídas e actividades de grupo, que foron as seguintes durante este trimestre:

- No 1º ciclo de EP, as dúas clases de 2º fixeron unha saída ao bosque por detrás da escola para coñecer as principais árbores que nos rodean e para aprender algo sobre cogomelos e pegadas de animais. A saída fíxose en dous días diferentes e consecutivos, concretamente os días 10 (2º A) e 11 (2º B) de novembro, e consistiu nunha andaina polos montes que están preto do colexio, onde os nenos e as nenas puideron facer unha observación de diferentes especies autóctonas da flora e da fauna previamente traballadas na clase. O acompañamento correu a cargo das titoras de cada curso coa presenza da especialista en Educación Física de apoio.
- No 2º ciclo de EP, os dous grupos de 3º realizaron unicamente unha saída o 8 de outubro ao monte que está preto do colexio. Aínda que os grupos de 4º tiñan previsto o 11 de decembro realizar unha saída relacionada co programa de divulgación xeolóxica nunha actividade chamada "Descubrinto as rochas que pisan", esta finalmente non se puido realizar polo mal tempo.
- No 3º ciclo de EP, o grupo de 6º A realizou unha saída ao bosque próximo á escola o 9 de outubro, e este mesmo grupo, xunto cos demais de 6º, visitaron a serra da Capelada e a ría de Cedeira o 17 de novembro.
- En canto á ESO, realizáronse as seguintes saídas e actividades:

- O Departamento de Orientación encargouse da organización e posta en práctica da participación no Programa "AgresiónOFF. Eu digo non á violencia sexual" da Secretaría Xeral de Igualdade. O día 20 de outubro tivo lugar esta actividade na casa da Cultura do Concello e participou toda a ESO. Ao longo da intervención distribuíronse folletos co 'Decálogo contra a violencia sexual: 10 cousas que tes que saber' en galego, castelán e inglés, así coma *merchandising* cos logotipos do programa. Tamén en relación coa violencia de xénero, este departamento organizou a participación do alumnado de 3º de ESO na obra de teatro interactivo "Vestido de voda", na Casa da Cultura o día 26 de novembro, e a visita do alumnado de 3º de ESO á exposición "Nosoutras somos arte", o día 26 de novembro, tamén na Casa da Cultura. Ademais, o alumnado de EI e EP participou na campaña da Deputación da Coruña "Contos para

pequenas e grandes” visionando nas súas aulas todos os grupos á mesma hora un conto dramatizado de Brais das Hortas e Marta Ortiz. Finalmente, tamén realizou unha colaboración co Concello na organización da participación de tres alumnas do noso centro no acto conmemorativo do día 29 na Casa da Cultura lendo un conto do libro “Te quiero viva, burra” de Loreto Sánchez Seoane.

- O Departamento de Música organizou un concerto de música clásica de instrumentos de corda que se desenvolveu no salón de actos da Casa da Cultura de Valdoviño.

Finalmente, trasladouse aos diferentes ciclos e departamentos toda aquela información recibida no centro referida a distintos tipos de actividades que puideran ser do interese do profesorado. Esta información chegou vía correo electrónico ou correo ordinario. A información que chega en papel sobre estas actividades ou sobre a participación en diferentes concursos artísticos e literarios estase a colocar nunhas bandexas habilitadas para tal efecto na sala do profesorado, xa que este curso, por protocolo COVID, non poden utilizarse os cortizos habituais dos corredores do centro.

### **Actividades realizadas no segundo trimestre:**

#### Venres gastronómicos

Continuou a desenvolverse esta actividade o último venres de cada mes, coas seguintes temáticas arredor do proxecto anual de centro:

- Xaneiro: *Castelao e os gatos*. O menú xirou arredor da gastronomía arxentina, xa que Castelao viviu neste país en diferentes momentos da súa vida.
- Febreiro: *Os gatos calicó*. A partir da idea das tres cores dos gatos (maioritariamente gatas) calicó, a sobremesa consistiu nun xeadado de tres sabores.
- Marzo: *Os gatos na arte*. Nada máis artístico que unha deliciosa sobremesa baseada na forma da lingua dos gatos.

Debemos mencionar que, durante estes venres gastronómicos, xa que non podía facerse doutro xeito, amosáronse presentacións no comedor sobre cada un dos traballos realizados ese mes, para dalos a coñecer mentres o alumnado comía.

<b>DATAS</b>	<b>1º PRATO</b>	<b>2º PRATO</b>	<b>SOBREMESA</b>
<i>29 de xaneiro de 2021</i>	Crema de verduras	Matambre arxentino	Froita
<i>26 de febreiro de 2021</i>	Pastel de pescada	Tortilla de pataca con ensalada de leitunga e tomate	Xeadado “calicó”
<i>26 de marzo de 2021</i>	Crema de verduras	Segredo de porco con patacas fritidas	“Linguas de gato”

#### Bo día, Atios!

Como xa se comentou no trimestre anterior, foi necesario modificar o xeito de proceder nesta actividade a causa da situación COVID. En lugar de ser o alumnado o que “pincha” a música ao entrar nas clases a primeira hora da mañá (xa que non pode manipular ningún material que non sexa o seu propio), encárgase desta tarefa o conserxe ou o profesorado do EDLG. Este curso, no canto de aceptar as

peticións dos rapaces e das rapazas, optouse por poñer música aleatoria en galego de diferentes estilos para dárllela a coñecer.

### Día da Paz

Este ano, a celebración do Día da Paz realizouse a través dunha actividade que se desenvolveu durante as semanas próximas á data oficial desta conmemoración. Dita actividade consistiu en escribir mensaxes de paz e amor nunhas cintas de tea de cores, que posteriormente, no propio Día da Paz e nos seguintes, se penduraron no cerrado metálico que rodea o centro, concretamente na parte que dá cara a diante. Cada grupo de cada curso foi baixando co/a profesor/a correspondente a colocar o seu lazo.

### Día da Lectura en Voz Alta

Dende a Biblioteca propúxose celebrar este día, que tivo lugar o 1 de febreiro, realizando lecturas ao comezo de cada clase. Deste xeito, o profesorado leu algún fragmento na aula explicando, posteriormente, o porqué da súa escolla. O alumnado amosouse moi receptivo a esta actividade e participou comentando oralmente as lecturas propostas polos/as docentes.

### Día da Muller e da Nena na Ciencia

O 11 de febreiro, para celebrar este día e fomentar as disciplinas científicas entre as rapazas, contouse coa participación da médica psiquiatra e divulgadora científica, Iria Veiga Ramos, coñecida como a A Raíña Vermella, que lle ofreceu unhas charlas sobre xenética ao alumnado da ESO. Ademais, tamén se traballou nas aulas a visibilización das mulleres científicas silenciadas ao longo da historia con actividades como a creación artística de carteis, etc.

### Día do Amor e da Amizade

Durante as semanas previas ao 14 de febreiro, toda a comunidade educativa se implicou na escrita de mensaxes de amor e amizade para depositar nas diferentes caixas de correo distribuídas polo centro. Nesta actividade (organizada polo EDLG), por protocolo COVID, este curso o alumnado non puido colaborar organizando o correo nin repartindo as cartas ás persoas destinatarias, tarefas das que se encargou o profesorado. Finalmente entregáronse coincidindo coa festividade do Entroido.

Outra actividade desta data, relacionada co proxecto anual de centro, foi a elaboración, por parte do EDLG, dunha orla de “amores gatunos”, na que tanto alumnado como profesorado se implicou achegando fotografías acompañados/as das súas mascotas felinas.

### Entroido

Ademais de cumprir os mandados do Meco a semana anterior, que consistían en traer cada día un complemento concreto e rechamante na nosa indumentaria, o Entroido xirou, como cada ano, arredor do proxecto do centro. Os/as alumnos/as de cada grupo ou curso disfrazáronse de gatos famosos (ou non tan famosos) e realizouse un pequeno desfile cumprindo as medidas do protocolo COVID. Deste xeito, o alumnado de EI e EP baixou primeiro ao patio e, colocándose en filas e coa separación suficiente, cada grupo realizou un pequeno desfile ao ritmo da música. Posteriormente, o alumnado da ESO baixou ao pavillón, onde tamén con distancia realizou un pequeno desfile, a maiores dalgún baile organizado por

3º e 4º da ESO. A causa da situación, non se puido realizar a degustación de sobremesas típicas de Entroido, como en anos anteriores.

### Día de Rosalía:

Para conmemorar o Día de Rosalía de Castro, que tivo lugar o 24 de febreiro, todo o centro traballou arredor da súa figura e obra de diferentes xeitos e en diferentes clases. Para isto, dende o EDLG propúxose unha batería de actividades consistentes en tarefas de lingua, *escape rooms*, xogos...

Ademais disto, propúxose unha actividade colectiva de elaboración de marcapáxinas en EI e EP, onde o alumnado decorou diferentes modelos de marcapáxinas ofrecidos dende o EDLG, e un obradoiro de chapas na ESO, feitas a partir de debuxos de Rosalía realizados polo propio alumnado. Para esta última actividade contouse coa colaboración das profesoras de Plástica (na parte creativa do debuxo) e de Tecnoloxía (na fabricación das chapas).

### Poesía e Imaxe

Como cada ano, o noso alumnado está a participar no concurso, establecido para todos os niveis educativos, organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra, e que consiste na creación de obras artísticas a partir de poemas de diferentes linguas seleccionados de antemán.

### Día da Muller

Para conmemorar o 8 de marzo, o alumnado realizou unha serie de vídeos breves nas titorías, ao longo das semanas próximas á data, nos que visibilizar, a través de citas e frases curtas, a desigualdade aínda existente por razóns de xénero. Ademais, tamén se facilitaron recursos sobre o tema para traballar nas aulas.

Paralelamente ás actividades complementarias organizadas a nivel de centro, os xefes dos diferentes ciclos e departamentos organizaron unha serie de ACTIVIDADES, EXCURSIÓNS E SAÍDAS durante este trimestre, que foron as seguintes:

#### **EP**

O alumnado de 6º de Educación Primaria fixo unha saída a pé ata a praia da Frouxeira o 18 de marzo. Ademais, realizou unha ruta de sendeirismo ata a Capela da Fame, en Vilarrube, o 24 de marzo.

#### **ESO**

O Departamento de Orientación, tendo en conta a situación COVID, substituíu as saídas para visitar os centros de bacharelado e FP da contorna (coa finalidade de que o alumnado de 4º coñeza as distintas opcións académicas que ten ao rematar a ESO), por charlas do profesorado deses centros, que se achegaron ata o CPI Atios a finais de xaneiro para explicar itinerarios e amosar os seus institutos aos rapaces e rapazas do último curso.

Finalmente, trasladouse aos diferentes ciclos e departamentos toda aquela información recibida no centro referida a distintos tipos de actividades que puideran ser do interese do profesorado. Esta información chegou vía correo electrónico ou correo ordinario. A información que chega en papel sobre estas actividades ou sobre a participación en diferentes concursos artísticos e literarios estase a



colocar nunhas bandexas habilitadas para tal efecto na sala do profesorado, xa que este curso, por protocolo COVID, non poden utilizarse os cortizos habituais dos corredores do centro.

### **Actividades realizadas no terceiro trimestre:**

#### Proxecto anual do centro

Xa dende o primeiro trimestre se puxo en marcha, partindo do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o proxecto anual do centro que, no presente curso, xirou arredor dos gatos e da súa importancia, non só dentro do mundo animal, senón tamén en relación coa cultura, coa lingua e coa arte nas distintas civilizacións e ao longo do tempo. Deste xeito, “GAtios” pretendeu abranguer distintas disciplinas, traballando aspectos que van dende a xenética dos gatos, ata os refráns en francés nos que se menciona a estes simpáticos animais, ou mesmo a obra pictórica na que aparecen os felinos, incluíndo as ilustracións de Castelao. No resto do curso, continuouse co proxecto dende distintas disciplinas e niveis.

A causa da situación xerada pola COVID-19, e en cumprimento dos protocolos antes mencionados, non se realizaron, como en cursos anteriores, exposicións “físicas” na entrada do centro nin no comedor escolar dos traballos elaborados ata o momento, senón que se desenvolveron como tarefa de aula.

#### Venres gastronómicos

No terceiro trimestre non chegaron a realizarse venres gastronómicos relacionados co tema do proxecto anual do centro, senón que se fixo unha selección de menús escollidos ou suxeridos polo alumnado do colexio que se prepararon en distintas datas.

#### Bo día, Atios!

Como ao longo dos outros dous trimestres, encargáronse desta tarefa o conserxe e o profesorado do EDLG, debido ao protocolo COVID. Este curso, no canto de aceptar as peticións dos rapaces e das rapazas, optouse por poñer música aleatoria en galego de diferentes estilos para dállela a coñecer ao estudantado.

#### Día do libro:

O 23 de abril contamos coa presenza da autora local Ana Varela, tradutora e poeta gañadora de varios premios, que conversou co alumnado da ESO do centro no salón de actos da Casa da Cultura de Valdoviño, achegando a poesía á rapazada e intentando romper cos tópicos e estereotipos que rodean este xénero literario. Previamente, nas clases de Lingua Galega, traballáronse algúns dos textos da súa obra “Onde nacen as hedras”, dos cales algúns alumnos e alumnas fixeron a súa interpretación persoal a través de fotografías.

#### A Mocidade coa Lingua:

Tamén por mor da pandemia, non foi posible desenvolver o xa tradicional festival da Mocidade coa Lingua que todos os anos organizaba a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra. No seu lugar, dita Coordinadora propuxo aos centros da contorna participar na gravación dun disco recompilatorio de todos os temas que non se puideron chegar a presentar en directo o curso pasado, entre eles, os baseados en poemas de Carvalho Calero. Para dita gravación, as alumnas do grupo

musical do centro, “Athios na Parra”, estiveron a ensaiar durante varias semanas os temas “Enviarei-che esta canción” (poema de Carvalho Calero) e “Nalgún lugar da mente” (tema propio). Finalmente, no mes de maio, asistiron ao estudio de gravación en Narón.

#### Directo co “Dígocho eu!”:

A través do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o colexio anotouse e foi seleccionado, xunto con outros cinco centros, para participar no primeiro directo organizado polos creadores do programa da TVG “Dígocho eu!”. Dito directo realizouse a través de “Skype” e da plataforma “Twicht” o 12 de maio dende a biblioteca escolar, e a el asistiu o alumnado de 4º ESO, que previamente estivera a facer para a clase de Lingua Galega os seus propios vídeos sobre erros lingüísticos baseados no formato do programa televisivo. Neste caso, a actividade chamouse “Dicímoscho nós!” e, ademais da coordinadora do EDLG e da profesora de Lingua Galega, tres rapazas deste curso encargáronse de explicar dito traballo e de facer preguntas á presentadora do programa da TVG. Outros cursos estiveron a ver o directo dende as súas aulas.

#### Teatro con G:

Aínda que non puideron desenvolverse as habituais representacións escolares, dende a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra ofreceuse a posibilidade de asistir presencialmente ou vía internet a dúas obras de teatro de grupos profesionais relacionadas cos autores homenaxeados nas Letras Galegas o pasado ano e o presente. No caso do noso centro, optouse polas representacións “virtuais”: “As pitas baixo a choiva”, de Carvalho Calero, para o alumnado de EI e EP, e “De Carvalho Calero a Xela Arias”, para o alumnado da ESO. A visualización de ditas obras enmarcouse, no noso caso, dentro da celebración do Día das Letras Galegas, que adiantamos ao 13 de maio, por seren o 14 e o 17 festivos no centro. Ademais, no caso da ESO, dita visualización tivo lugar no salón de actos da Casa da Cultura de Valdoviño.

#### Día das Letras Galegas:

Como xa comentamos, a celebración desta data trasladouse ao día 13 de maio, coincidindo coa festa dos Maíos, e ademais da asistencia “virtual” á obra de Teatro con G sobre Xela Arias e Carvalho Calero, tamén se propuxeron actividades de aula consistentes en vídeos e xogos para coñecer mellor a vida e obra da poeta homenaxeada este ano, Xela Arias. Nas clases de Lingua Galega e Literatura, ademais, tamén se comentaron varios poemas seus dos que algúns alumnos e alumnas fixeron representacións ou interpretacións a través de ilustracións ou de fotografías.

#### Maíos:

Coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas, adiantado ao 13 de maio, organizouse unha festa dos Maíos un tanto diferente ás habituais, por mor da pandemia. En lugar da tradicional alfombra floral do patio, elaborouse un mural, organizado pola profesora de Plástica da ESO, no que o alumnado e o profesorado participaron engadindo cadansúa flor debuxada. En EI confeccionaron os Maíos tradicionais e en EP e ESO creáronse unhas estruturas máis pequenas con axuda da profesora de Tecnoloxía da ESO para elaborar uns “minimaíos” de cada aula, que se expuxeron posteriormente no patio exterior. Tamén houbo cancións tradicionais e música a cargo da profesora de Música de EP, que tocou a gaita no patio.

### Fin de curso:

Por mor da pandemia, o tradicional festival de fin de curso tivo que organizarse dividindo as diferentes actividades por niveis educativos. En EP desenvolveuse unha xincana que tivo lugar o penúltimo día de clase, e para a ESO organizáronse unhas actuacións musicais con cancións, coreografías de baile e a despedida do alumnado de 4º ESO, previo soterramento dunha cápsula do tempo e da visualización dun vídeo homenaxe aos rapaces e rapazas que marchan este curso do centro.

\*\*\*

Paralelamente ás actividades complementarias organizadas a nivel de centro, os/as xefes/as dos diferentes ciclos e departamentos organizaron unha serie de ACTIVIDADES, EXCURSIÓNS E SAÍDAS durante este trimestre, que foron as seguintes:

#### **EI**

4º, 5º e 6º EI:

Excursión á granxa escola de Beelle os días 25 e 27 de maio.

6º EI:

Visita á exposición de acuarelas de Blanca Escrigas sobre a paisaxe urbana de Valdoviño. Tivo lugar no mes de abril na Casa da Cultura de Valdoviño.

#### **EP**

- 1º ciclo de Educación Primaria:

1º EP:

Saída a Valdoviño o 6 de maio para visitar a exposición da pintora Blanca Escrigas na Casa da Cultura, excursión á Granxa de Beelle o día 2 de xuño, e andaina polo monte que está preto do centro o 11 de xuño.

2º EP:

O día 28 de maio saída ao Museo do Mar de Cedeira e mais á lonxa, e o 14 de xuño á praia pequena da Frouxeira, dentro do concello. Ambas as dúas saídas tiñan relación co Proxecto do mar de Valdoviño desenvolvido nas clases durante o terceiro trimestre. O acompañamento correu a cargo das titoras de cada curso coa presenza como apoio, nunha delas (concretamente na primeira) da especialista de Lingua Extranxeira e, na segunda, da mestra de Relixión.

O 3 de xuño todo o ciclo saíu ao patio da cafetería a gozar dun concerto de percusión a cargo doutros alumnos de Primaria do centro.

- 2º ciclo de Educación Primaria:

3º EP:

- O 27 de maio os dous grupos de 3º EP baixaron andando dende o colexio á Lagoa da Frouxeira. Coa colaboración da Sociedade Galega de Historia Natural, coñeceron un pouco máis a lagoa e observaron aves.

- O 15 de xuño fíxose unha visita á Granxa do Souto (Ortigueira). Os dous grupos de 3º EP visitaron a granxa e realizaron actividades como montar a cabalo, asistir á "aula da natureza", coñecer outros animais da granxa...

#### 4ºEP:

- O 16 de abril, saída á praia da Frouxeira co xeólogo Fran Canosa.
- O 18 e 19 de maio, charlas da Garda Civil sobre os riscos das novas tecnoloxías.
- O 8 de maio, os dous cursos de 4º de EP realizan surf na praia da Frouxeira.
- O 10 de xuño, os dous grupos visitaron a Granxa do Souto (Ortigueira) e realizaron actividades como montar a cabalo, asistir á "aula da natureza", coñecer outros animais da granxa...
- O 15 de xuño baixaron andando á praia da Frouxeira.

- 3º ciclo de Educación Primaria:

#### 5º EP:

- Excursión a Santiago de Compostela o 26 de maio para ver a exposición do Gaiás "Faraón. Rei de Exipto". Posterior visita ao Pórtico da Gloria e á Catedral.
- O día 15 de xuño baixaron toda a mañá á praia da Frouxeira.

#### 6º EP:

- Visita á exposición de acuarelas de Blanca Escrigas na Casa da Cultura de Valdoviño.
- Saída a Viveiro para visitar un parque de aventuras.
- Andaina polo Camiño de Santo André dende Cedeira ata o destino.
- Saída á praia da Frouxeira (xuño).
- Saída ao parque de Lago (xuño).
- Asistencia a unha charla da Garda Civil sobre internet.
- Obradoiro de percusión (xuño).

### ESO

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía organizou unha visita á Lagoa da Frouxeira (Valdoviño) con 1ºESO A e B o 21 de maio de 2021, en colaboración co Departamento de Xeografía e Historia. O obxectivo da saída foi coñecer a riqueza paisaxística da contorna a través da visita ao castro e areal da Frouxeira e afondar nos coñecementos sobre fauna e flora autóctona a través da ruta ornitolóxica do Paseo das Ondas (Valdoviño). A xornada rematou cunha actividade de concienciación ambiental sobre o problema da contaminación por plásticos dos océanos, na que se recolleron varias bolsas de lixo plástico no areal.

O Departamento de Educación Física organizou as seguintes actividades:

- En colaboración co Departamento de Xeografía e Historia e co Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, saída ás Fragas do Eume co alumnado de 4º ESO, que tivo lugar o 3 de xuño, e que incluíu unha visita ao Museo Etnográfico da Capela, unha ruta de sendeirismos polas Fragas do Eume e unha saída en kayak pola ría de Ares.
- En colaboración co Departamento de Xeografía e Historia e co Departamento de Lingua Galega e Literatura, saída á vila de Pontedeume co alumnado de 3º ESO, que tivo lugar o 4 de xuño, e que incluíu a visita á vila e unha saída en kayak pola ría de Ares.
- Bautismo de surf co alumnado de 2º ESO na praia Cristina de Valdoviño o 10 de xuño.
- En colaboración co Departamento de Xeografía e Historia, visita ao Roq Park de Viveiro co alumnado de 1º ESO.

O Departamento de Física e Química, xunto co Departamento de Tecnoloxía, colaborou no programa Aquelando da TVG, que enviou unha invitación ao CPI Atios para participar nun dos seus programas. A tarefa foi dobre. Por unha banda houbo que facer un vídeo no que se explicara como se deseñaba e construía un aparello caseiro para facer o baleiro en bolsas con alimentos. Por outra banda, seis rapaces/rapazas puideron ir a Santiago de Compostela para asistir á gravación dun dos programas de Aquelando. Os dous departamentos levaron a cabo estas tarefas con alumnado de 2ª ESO. Un rapaz e unha rapaza participaron no vídeo explicativo da construción do aparello de baleiro. Este vídeo aparecerá nun dos programas de Aquelando. Ademais, a finais de abril viaxaron a Santiago con 3 rapazas e 2 rapaces da 2º ESO, e unha rapaza de 4º de primaria para participar na gravación do programa de Aquelando.

O Departamento de Xeografía e Historia organizou as seguintes actividades:

- Saída á Capela e ás Fragas do Eume o 13 de maio con 4º ESO en colaboración co Departamento de Bioloxía e Xeoloxía e co Departamento de Educación Física, incluíndo unha visita ao museo etnográfico da Capela.
- Saída á lagoa da Frouxeira con 4º ESO o 20 de maio.
- Visita ao Castro da Frouxeira o 21 de maio con 1º ESO.
- Saída con 4º ESO o 27 de maio ás praias de Vilarrube e da contorna para completar a actividade impartida no centro sobre o Marisqueo e os recursos mariños da zona.
- Saída con 3º ESO o venres 28 ás praias de Vilarrube e da contorna para completar a actividade impartida no centro sobre o Marisqueo e os recursos mariños da zona.
- Saída á vila de Pontedeume o venres 4 de xuño con 3º ESO, en colaboración co Departamento de Lingua Galega e Literatura e co Departamento de Educación Física, para visitar a vila cun guía oficial do Concello e facer unha ruta en kayak.
- Elaboración e soterramento dunha cápsula do tempo con 4º ESO a finais de xuño.
- Realización dun Escape room con 4º ESO a finais de xuño.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura levou a cabo, a través da Editorial Xerais, dúas charlas de escritores: unha con Andrea Maceiras e outra con Héctor Cajaraville. Ditas charlas tiveron que realizarse de xeito virtual a través de videoconferencia e desenvóléronse no comedor escolar os días 14 e 29 de abril, respectivamente. A de Andrea Maceiras estivo dirixida ao alumnado de 3º e 4º ESO e a de Héctor Cajaraville ao alumnado de 2º ESO.

O Departamento de Música, a través do Concello de Valdoviño, organizou unha saída á Casa da Cultura para ver o concerto de Fran Amil, que presentou o seu disco “Popsía”.

Finalmente, trasladouse aos diferentes ciclos e departamentos toda aquela información recibida no centro referida a distintos tipos de actividades que puideran ser do interese do profesorado. Esta información chegou vía correo electrónico ou correo ordinario. A información que chega en papel sobre estas actividades ou sobre a participación en diferentes concursos artísticos e literarios estase a colocar nunhas bandexas habilitadas para tal efecto na sala do profesorado, xa que este curso, por protocolo COVID, non poden utilizarse os cortizos habituais dos corredores do centro.

### 13. PLANS E PROGRAMAS LEVADOS A CABO NO CURSO 2020-21

Este curso demos continuidade aos seguintes proxectos, uns xa comezados nos cursos pasados e outros iniciados o presente curso, tamén realizáronse as actividades propostas polos equipos encargados do seu desenvolvemento.

#### **a.- Proxecto Biblioteca,**

A biblioteca abreuse puntualmente ao público no mes de outubro una vez establricidas as normas de uso no protocolo da COVID-19 e despois de actualizar os listados de usuarios e comprobar que todos os alumnos tiñan o seu carnet de lectores.

Imos lembrar que as actividades da biblioteca do CPI de Atios veñen en parte determinadas polos programas promovidos pola Consellería de Educación a través do equipo de Bibliotecas escolares de Galicia:

- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), que este curso supón a concesión de cartos paramercar fondos bibliográficos e tamén para adquisición de mobiliario.
- HORA DE LER que implica que todas as aulas de infantil e primaria fan todos os días media hora de lectura diaria.
- BIBLIOTECAS SOLIDARIAS (MODALIDADE 3) o cal supón a potenciación da figura dos axudantes de biblioteca e a realización sistemática de actividades de apadriñamento lector dentro do propio colexio
- BIBLIOTECA INCLUSIVA, que este ano 2.020 supón unha importante aportación económica para mercar fondos de inclusión, que decidimos no equipo invertir na renovación das bibliotecas de aula.

Por outra parte, o traballo na biblioteca de Atios ven determinado pola colaboración cos distintos ciclos e departamentos nos que se están a desenvolver numerosos proxectos educativos que precisan da biblioteca como centro de recursos, e da colaboración tanto co equipo de dinamización lingüística do centro coma co equipo de actividades extraescolares, á hora de abordar as distintas efeméridas a celebrar no transcurso do curso escolar (samaín-magosto, nadal, día internacional contra a violencia de xénero, día da paz, antroido, día do libro, día da poesía, día das letras galegas, ... e o tema interdisciplinar acordado cada ano e que no presente curso son as olimpíadas).

Os **obxectivos** a traballar son:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.

- Fomentar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar e fora del.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un lemento de satisfacción persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno.
- Valorar e respetar a lingua galega como lingua vehicular do centro.

## **b.- Proxecto Comedor Escolar,**

### **1. Normativa:**

O servizo de comedor regularase polo DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Define o funcionamento máis detalladamente instrución 2/2019, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 16 de xuño, sobre funcionamento comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2020/21.

### **2.- Introducción:**

Este programa foi realizado co obxectivo xeral de desenvolver a actividade de servizo de comedor que abarca os servizos de xantar e de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

O servizo de comedor escolar ademais de cumprir unha función primaria de alimentación e nutrición, ao estar dentro das actividades, tamén ten unha función engadida de carácter educativo

Empezando por hábitos alimentarios e nutricionais, hábitos de utilización de utensilios propios da comida, regras de comportamento na mesa... etc e terminando polas actividades a realizar nos tempos de lecer posteriores á comida, atopámonos cun abano de aspectos nos cales é importante planificar actuacións, estratexias e actividades de índole educativa

### **3.- Organización do servizo de comedor:**

**Este curso académico ven definido polo protocolo covid-19 que establece as seguintes medidas de carácter xeral**

O uso do comedor escolar, tanto de xestión directa como indirecta, con independencia de quen preste o servizo, quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo e sempre que non estean encarados.

O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen respectar a distancia anterior separando os grupos por 1,5 metros un do outro. Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantirase a estanqueidade.

**As medidas a adoptar nos comedores por orde de prioridade ou combinadas, serán as seguintes:**

- Aumentar o número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida. As quendas estableceranse (incluíndo a flexibilización da última hora de horario lectivo) en función da

capacidade horaria do transporte escolar, e do persoal dispoñible para atender aos comensais que será o adecuado á rateo dos comensais que coman en cada quenda.

- Utilizar espazos colindantes ao comedor con mobiliario do que dispón os centros de xeito que se cumpra a distancia de 1,5 metros.

- Instalar mamparas ou separacións de cando menos 0,60 cm de altura colocadas directamente sobre o mesado que separen alumnos encarados ou acaroados polo que non será preciso respectar a distancia de 1,5 metros.

Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, sen prexuízo do establecido para os grupos colaborativos. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos nenos, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de brotes.

O persoal colaborador respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos/as presentes en cada unha das quendas. O persoal colaborador será o mesmo en cada unha das quendas.

A Organización, administración e xestión económica do comedor escolar corresponde á comunidade educativa do centro, representada polo Consellos Escolar.

O equipo directivo do CPI Atios elabora de conformidade cos requirimentos exixidos pola normativa aplicable e coas instrucións emanadas da consellería con competencias educativas, este protocolo propio de funcionamento, que terá que ser aprobado polo respectivo Consello Escolar.

### **3.1. Modalidade.**

O servizo de comedor do CPI Atios é o que corresponde á modalidade de xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo o número de comensais, o comedor do centro está clasificado como de tipo D de 251 a 350 comensais. Terán a consideración de comensal aquela persoa que faga uso do servizo de comedor.

O comedor do CPI Atios contará cun cadro de persoal laboral, integrado por un número de profesiniais composto como se detalla: 1 oficial 2ª de cociña e 3 axudantes de cociña.

O persoal de atención ao alumnado no servizo de comedor virá determinado en función do total dos alumnos e alumnas comensais, de acordo coa ratio establecida na Orde do 21 de febreiro de 2007. No caso do noso centro, temos 12 persoas colaboradoras, así como a encargada de comedor e o responsable do mesmo que será o director.



### 3.2. Calendario e horario de funcionamento.

A duración do servizo de comedor escolar axustarase ao disposto na orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que establece o calendario escolar para o curso correspondente, así o servizo de comedor comenza o primeiro día lectivo de clase no mes de setembro e remata o último día lectivo de curso, que veñen definidos no calendario escolar de cada curso. No curso 2020-21 as datas son as seguintes:

- Inicio do servizo de comedor: 11-09-2020
- Fin do servizo de comedor: 22-06-2021

**O horario do servizo de comedor é de 13:20 a 15:45 os luns, martes, mércores e venres, de 13:20 a 16:45 os xoves.**

ALUMNOS					
	Abono 4,50 €	Abono 2,50 €	Abono 1 €	Gratuidade	Total
Infantil	15	1	2	25	43
Primaria	26	6	12	74	118
ESO	14	8	6	54	82
ESO 1 DÍA*	15	4	5	23	47
<b>TOTAL</b>	<b>70</b>	<b>19</b>	<b>25</b>	<b>176</b>	<b>290</b>
	Suma 4,50€ (I/P/ESO)	Suma 2,50€ (I/P/ESO)	Suma 1€ (I/P/ESO)	Suma Gratuidade (I/P/ESO)	Suma total (I/P/ESO)

Se abre en setembro o prazo para a presentación de instancias destinadas aos pais, nais o titores que queiran colaborar no comedor. O Consello Escolar do día 14 de outubro da o visto bo a nova persoa encargada do comedor e ás 13 persoas colaboradas segundo o baremo indicado

No curso actual segue o proxecto “Venres Gastronómicos”, que chamaremos “GAtios”, en colaboración co Equipo da Biblioteca e o EDLG.

#### c.- Seccións bilingües

No curso 2020/21 o alumnado de 1º e 2º curso de Educación Primaria na materia de Plástica e o de 3º ESO na materia de matemáticas cursaron ditas materias en lingua inglesa cuns resultados satisfactorios, pois reforzaron o seus coñecementos na mencionada lingua. Este ano tivemos auxiliar de conversa para dar apoio ao profesorado na aula.

O obxectivo deste proxecto é a potenciación do plurilingüismo na comunidade educativa, e afacer ao alumnado a expresarse de xeito natural en linguas estranxeiras (inglés) mediante o uso da lingua en situacións de comunicación real na aula.

#### **d.- Contrato Programa**

##### **Inicio do proxecto:**

No mes de Novembro de 2021 preséntase unha nova solicitude do CONTRATO PROGRAMA. Este contrato programa, a día 22 de decembro foi concedido pola Consellería de Educación.

##### **Liñas de actuación:**

#### **01c. MELLORA DAS COMPETENCIAS CLAVE. COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA.**

##### **- Obxectivos:**

- 1.-Fomentar as vocacións científico-tecnolóxicas ,STEM, especialmente nas alumnas.
- 2.-Achegar o pensamento computacional ao alumnado, en idades temperás.
- 3.-Iniciar ao alumnado nos algoritmos (secuencias lóxicas e ordenadas para dar solución a un problema, reto ou desafío)
- 4.-Innovar empregando de xeito creativo conceptos e principios científicos, matemáticos e tecnolóxicos, mediante o aprendizaxe baseado en proxectos (ABP), establecendo desafíos propios e creando solucións innovadoras empregando a robótica e a programación.
- 5.-Fomentar o traballo en equipo, a autonomía, iniciativa e confianza en si mesmos .

- **Número de alumnado implicado:** 145

- **Cursos que participan:** 4º DE PRIMARIA, 5º DE PRIMARIA e 6º DE PRIMARIA

- **Profesorado implicado:** 7

Mª Dolores Freire Villar , Blanca Esther Riveira Roca, Cristina Soto Fernández, Eva Mª Gómez Leira ,Rosa Pazos García, Guillermo Gómez Iglesias e Alba López Brañas

#### **05. INCLÚE-T**

##### **- Obxectivos:**

- 1.- Fomentar a análise crítica da construción social de xénero e as súas repercusións na desigualdade e a violencia de xénero.
- 2.-Promover os valores de respecto e igualdade de dereitos e oportunidades para homes e mulleres..
- 3.-Favorecer a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos, como o alumnado inmigrante, o retornado o que está en risco de exclusión social e promover medidas que fomenten a inclusión,
- 4.-Fomentar a autoestima das nenas e as adolescentes.
- 5.-Implicar aos nenos e os adolescentes na construción de modelos de masculinidade comprometidos coa igualdade e a non-violencia.

- **Número de alumnado implicado:** 176

- **Cursos que participan:** 1º ESO 41 , 2º ESO 55, 3º ESO 48 e 4º ESO 32
- **Profesorado implicado:** Manuel López Pazos, Cintia Louro Búa, Esther García de Lucas, Mariá Dolores Otero Mariñas, Laura Fernández Sánchez, Mª Bertila Rodríguez Vázquez, Vanessa Pita Santalla, Eva Couce Coba, Gloria Mª Martínez Gómez, Mónica Patricia Arnoso Calvo, Antonio Cebreiro Melero, Tania Mª Ruanova Suarez e Cristina Martínez Romero

## 09. PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA EN HORARIO LECTIVO.

- **Obxectivos:**
  - 1.- Fomentar estilos de vida activos e saudables na comunidade educativa do centro, especialmente entre o alumnado.
  - 2.- Aumentar a actividade física realizada polo alumnado ao longo da semana dentro do horario lectivo. A través das actividades propostas semanalmente durante os recreos activos, principalmente entre o alumnado de primeiro ciclo de secundaria.
  - 3.- Involucrar a diferentes departamentos no desenvolvemento do proxecto a través de actividades transversais entre diferentes materias.
  - 4.- Coordinar e recompilar nun proxecto común todas as actividades que teñen como finalidade a consecución de estilos de vida activos na comunidade educativa.
  - 5.- Crear e iniciar o desenvolvemento dun proxecto deportivo de centro que englobe todas as accións e iniciativas para a promoción de estilos de vida saudables.
- **Número de alumnado implicado:** 271
- **Cursos que participan:** 5º e 6 de Educación Primaria. 1º, 2º, 3º, e 4º de Educación Secundaria
- **Profesorado implicado:** Carlos Alberto Bacelo López, Antonio Jose Rodríguez Rodríguez, Iván Hinojo Sánchez, María Amalia Fontes Rey, Cintia Louro Búa e Patricia Regueiro Sousa

### e.- Proxectos Europeos:

O proxecto Erasmus K229 “Continuing a Culture of Learning” que tiña previsto a primeira mobilidade o 22 de marzo, pero esta foi aprazada a novembro do 2021 por mor do COVID-19. Neste proxecto intercambiaremos experiencias con centros de Gales, Islandia e Finlandia

Durante este curso tivemos reunións por videoconferencia cos noso socios europeos para preparar as mobilidades prvsitas para os anos 2021 e 2022

### f.- Clube de Ciencia:

No presente curso 20-21, o CPI de Atios foi de novo seleccionado para participar no programa de innovación educativa "Club de Ciencia" para centros públicos de ensino non universitario da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional.

No presente curso 20-21, o CPI de Atios foi de novo seleccionado para participar no programa de innovación educativa "Club de Ciencia" para centros públicos de ensino non universitario da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional.

### **Alumnado ao que vai dirixido**

A actividade irá dirixida a 145 nenos e nenas dos cursos 4º, 5º e 6º de Primaria.

### **Desenvolvemento**

- ★ As experiencias terán lugar dentro do horario de cada grupo, para manter os grupos burbulla establecidos polo protocolo da Covid-19. Cada titor establecerá o horario de cada grupo
- ★ O profesorado participante debe preparar o material a utilizar nas diferentes actividades e despois deixar todo recollido e desinfectado, por mor das medidas sanitarias recollidas no protocolo da Covid-19

### **Profesorado participante: 6 mestras do centro**

Alba Vilela Mouriz	Mestra de Ed. Primaria
Eva Gómez Leira	Mestra de Ed. Primaria
Rosa Pazos García	Mestra de Ed. Primaria
Blanca Esther Riveira Roca	Mestra de Ed. Primaria
Ana María Ramos Montero	Mestra de Ed. Primaria
Cristina Soto Fernández	Mestra de Ed. Primaria , coordinadora

### **O proxecto**

No momento en que se publicou a convocatoria no en xaneiro de 2017 do programa piloto de innovación educativa "Club de Ciencia" no noso centro, o CPI de Atios, tivemos claro que queriamos participar. Había moitas, boas e poderosas razóns para intentalo pois levamos xa algún tempo reflexionando sobre a educación STEM e as vocacións científicas. Daquela **fomos seleccionados como un dos dez centros pilotos** . Por suposto, o pasado curso repetimos e esta continuamos.

Ao STEM (estudio de diversas áreas da ciencia, da tecnoloxía, da enxeñería e das matemáticas), desexamos engadirlle o A, convertendo o acrónimo en STEAM, engadíndolle a área da Arte. Se lle botamos unha ollada a historia recente da nosa civilización, vemos que a maioría dos científicos e inventores do Renacemento eran tamén artistas (Da Vinci, Copérnico, Galileo, Brahe...). Pero non so nesa época, hoxe en día, calquera obra de enxeñería require facer un plano da mesma ou un deseño 3D no que as artes plásticas xogan un papel fundamental.

A estratexia de traballo que empregaremos, como non, será o **Método Científico** ;

- Partiremos de **formular un problema** ou **unha pregunta** relacionada con algunha das áreas STEAM, ciencia, tecnoloxía, enxeñería ou matemáticas, para traballar un contido neses ámbitos. A continuación, o alumnado **formulará** as súas posibles **hipóteses** de como resolver ese problema ou pregunta.
- Posteriormente, escolleremos diferentes **experimentos** que axuden a demostrar esas hipóteses, e que irán ligados en todo momento aos estándares de aprendizaxe de cada nivel educativo.
- Será o propio alumnado quen saque as **propias conclusións** , que resolvan os problemas ou preguntas presentadas, e a continuación as redacte nunha ficha de traballo elaborada a tal efecto.

## Visibilización das actividades

Tódalas experiencias levadas a cabo no club de ciencia publícanse no Blog “Club de Ciencia Atios” creado como requisito da convocatoria, de dar difusión as actividades que se organicen, así como nas correspondentes RRSS do centro educativo (facebook, twitter, instagram..

Durante este primeiro trimestre, debida a excepcional situación na que estamos por mor do COVID, empezamos a traballar un pouco tarde. Centrámolos en iniciarnos, de maneira individual, no achegamento a Scratch, fundamentalmente cos equipos Edixgal do alumnado e o traballo coas máquinas simples de Lego.

No Club de Ciencia estamos a traballar nun proxecto de medida do CO2 nas aulas en relación coa pandemia do COVID19.

### **h.- Outros proxectos e actuacións:**

**-Programa de Aprendizaxe Cooperativa como** proxecto de centro, en colaboración co CFR de Ferrol e a Universidade VIC de Barcelona.

**-Introdución da robótica na Educación Primaria** nos cursos de 4º, 5º e 6º, tanto de forma transversal como a través dunha hora de libre configuración e tratamento curricular interdisciplinar.

**-Proxecto de “Gatios”:** abranguerá a toda a comunidade educativa do CPI Atios así como a súa contorna. Son moitas as actividades planificadas e que implicarán de forma activa a alumnado, profesorado, familias, persoal non docente, Concello, asociacións próximas así como as escolas unitarias que temos adscritas ao noso centro. O obxectivo último é desenvolver un proxecto anual interdisciplinar que implique a diferentes equipos como o de Biblioteca, Actividades Complementarias e Extraescolares, Equipo de Dinamización da Lingua Galega e equipo de comedor, entre outros. Neste curso escolar, todas as actividades de centro xirarán en torno as Olimpadas Moitas delas, abórdanse curricularmente dende diferentes áreas.

## 14. DESENVOLVEMENTO DO PROTOCOLO COVID-19

### Datos :

Inicio do protocolo : 1 de setembro de 2020

Aulas implicadas: TODAS

Participantes: toda a comunidade educativa do CPI Atios

### Introdución:

O obxectivo deste protocolo é servir de guía para a detección e manexo de casos sospeitosos, casos confirmados, contactos e abrochos de COVID-19 no ámbito educativo do CPI Atios de Valdoviño.

### Actuacións levadas a cabo:

#### 1.- Inicio de curso escalonado

10 de Setembro. **Comezan o curso 4º e 5º curso de Ed. Infantil, 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria**

11 de setembro. **Comezan o curso 6º de Ed. Infantil e os de 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria.**

16 de Setembro. **Ese día volverán ás aulas os alumnos de 1º e 2º de ESO**

17 de setembro. **Comezan os de 3º de ESO,**

18 de setembro. **Volveran ás aulas o alumnado de 4º de ESO**

#### 2.- Medidas de sanidade sanitaria adoptadas no centro

Con carácter xeral, **a actividade lectiva será presencial** para todos os niveis e etapas do sistema educativo, priorizándoa para o alumnado de menor idade. A suspensión da actividade lectiva presencial, unicamente se adoptará diante de situacións excepcionais.

O centro prioriza que se realicen de **forma telemática as reunións de coordinación** e outras actividades non lectivas

A todo o profesorado e persoal do CPI de Atios **pasou por un test previo da Covid-19**

O centro educativo **conta cun equipo formado na Covid-19** que será de referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. O equipo estará formado pola persoa titular da dirección do centro e dous membros do profesorado.

O CPI Atios terá como **centro referencia o Centro de Saúde de Valdoviño**co que se poida poñer en contacto a persoa responsable do Equipo Covid do centro educativo para resolver calquera dúbida ou incidencia no centro.

Todo o alumnado e persoal do centro debe realizar **unha autoavaliación diaria** para comprobar que non existen síntomas de infección por SARS-CoV-2.

A Consellería de Educación habilitou **unha canle informática, denominada “EduCovid”**, de coordinación e comunicación entre os centros educativos e os responsables sanitarios.

### **3. Rutinas seguidas durante este trimestre como medidas de protección**

#### ***Distancia de seguridade entre persoas***

De forma xeral, manterase unha distancia interpersoal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo. En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo

#### ***Uso da máscara***

O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersoal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.

O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.

#### ***Máscara de recambio***

Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

#### ***Excepcións ao uso da máscara***

A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade, dificultade, pola súa condición de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo da persoa obrigada.

#### ***Espazo e materiais escolares***

Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo. Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

#### ***Ventilación***

Deberá realizarse unha ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre se sexa posible entre clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias.

#### ***Hixiene de mans***

O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo. A hixiene deberá facerse con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.

### Datos estadísticos :

Trimestre	Aulas pechadas	Número de casos		Contaxios no centro entre contactos directos
		profesorado	alumnado	
<b>Primeiro</b>	<b>0</b>	<b>4</b>	<b>6</b>	<b>2</b>
<b>Segundo</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>11</b>	<b>1</b>
<b>Terceiro</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>0</b>

### Puntos fortes:

Implicación nas medidas e respecto as normas de todo o profesorado e alumnado.

Dotación a todos os espazos de xel, desinfectante e papel.

Reparto de mascarar para o alumnado máis desfavorecido e para o persola docente e non docente.

### Puntos débiles:

Nos primeiros momentos descoordinación entre as distintas administracións.

Contradicións sobre todo nos primeiros casos entre como actuar ante de positivo no centro.

A presión dalgunha familia pedindo información concreta sobre os casos positivos

Excesivo traballo administrativo e de estión que recae no equipo directivo.

### Propostas de mellora:

Que a aportación económica para facer fronte aos gastos xerados pola pandemia sexa maior.

Artellar algunha forma para que a carga de traballo dos equipos directivos sexa menor.

Facer fincapé no respecto as normas a toda a comunidade educativa do centro

## 15. RESUMO DO BALANCE ANUAL DE CONTAS ANO 2020

INGRESOS	2019	2020
a.1.) Funcionamento	60668,44	80311,70
a.2.) Libros de texto	315	2170
a.3.) Biblioteca	4880	1300
a.4.) Mellora educativa	0	0
a.5.) Fondos innovación educativa	900	2663,20
a.6.) Comedores	104470,73	71631,62
b) Outros organismos	19.668	4442,25
b.1) Fomento do galego	817,82	400,73
c) Achegas económicas	0	0
h) Remanente 2010	44351,29	45080,34
j) Achegas de particulares	14526,10	2700,44
<b>TOTAL</b>	<b>250.597,38</b>	<b>210700,28</b>



GASTOS	2019	2020
1.Arrendamentos	11230,17	4549,08
2.Reparacións	4461,64	7359
3.Material oficina	19639,11	15404,12
4.Suministracións	35384,05	27925,33
5.Comunicacións	140,92	239,28
6.Transporte	13666,18	3456,96
7.Traballo empresas	9505,03	672,5
8.Primas seguro	384,23	1296,77
9.Tributos	0	0
10.Axudas custo	3815,71	161,46
11.Gastos diversos	1477,63	361,87
12.Mobiliario	5110,74	1829,68
13.Outro material	308,25	0
14.Comedores	100.357,98	61115,11
<b>TOTAL</b>	205517,04	<b>124371,36</b>

PARTIDAS	REMANENTE 2019	REMANENTE 2020
COMEDOR	19.474,14	29990,65
FUNCIONAMIENTO	25.606,20	56339,27
<b>TOTAL</b>	<b>45.080,34</b>	<b>86328,92</b>

Observacións:

O remanente a día 25 de xaneiro de 2021 da partida de **funcionamento 54.500,23** euros temos que retraer a cantidade de **14.429,11** euros porque pertencen a unha partida finalista correspondente ao proxecto Erasmus K229.

Por outra banda especificar que **11.000** euros incluídos no remanente é parte dunha partida finalista que temos que adicar a subministración de produtos de hixiene para a loita contra a Covid-19.

En resumo o total de cartos que podemos destinar a funcionamento a data de 25-01-2021 é de **29.071,12 euros**

## **16. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA SOBRE O FUNCIONAMENTO XERAL DO CENTRO PARA EL CURSO 2021-22**

O desenvolvemento do curso académico 2020-21 podemos consideralo como moi satisfactorio xa que dos 9 obxectivos que nos marcamos ao inicio do mesmo logramos acadar resultados bos o moi bos en todos eles.

A dirección do centro e mesmos a comunidade educativa tiñamos unha visión negativa en canto a que o curso escolar tivera un desenvolvemento “normal”, pero co paso do tempo e a aplicación dos protocolos para a loita contra a COVID-19, mudamos a nosa opinión. Entre todos e todas logramos sacar o curso adiante coa maior normalidade posible. Felicitamos a toda a comunidade educativa pola súa implicación e axuda para logra o obxectivo de finalizar o curso escolar da mellor maneira posible

O funcionamento dos departamentos de secundaria, así como as coordinacións de ciclo de primaria e as dinamizacións foron satisfactorios cumprindo cos cometidos que teñen asignados e favorecendo a vida cotiá do centro.

O balance deste décimo ano como director considéroo bastante positivo, grazas a axuda, tanto do resto dos membros do equipo directivo como da comunidade educativa en xeral que sempre estivo disposta a colaborar en beneficio do centro. Por ese motivo quero dar o agradecemento a todos eles pero en espacial a nova xefa de estudos de primaria dona María Rúa Serantes que tivo a valentía de coller a esta responsabilidade nun ano moi difícil.

Un recordo todo o profesorado interino e sustituto que traballou este ano no centro facendo fronte aos numerosos cambios e aos retos que foron atopando. O equipo directivo deséxalles moita sorte nos seus novos destinos.

En canto as propostas de mellora cara o vindeiro curso, considero prioritarias as seguintes:

1.- Necesidade de dar maior difusión de cantos aspectos e documentos incidan na convivencia. Neste caso sería dar a coñecer as Normas de Organización e Funcionamento e o Plan de Convivencia

- Debemos consensuar co alumnado as normas que sirvan para que se mantéña un clima san na aula e no centro.
- Temos que tentar solucionar de xeito escalonado os conflitos do alumnado e seguir unha orde de actuación ou resolución que iría desde o alumno, profesor/a, titor/a, Xefa de estudos, Director.
- Sería bo que toda a comunidade educativa coñecese e respetase as normas

2.- Mellorar algúns aspectos das titorías:

- Destacar a importancia da titoría como recurso de prevención, mediación e resolución de conflitos.
- Continuar a traballar as Unidades didácticas propostas polo Departamento de Orientación no seu Plan de Acción Titorial
- Traballar outros aspectos de áreas transversais e de interculturalidade, e sobre todo continuar coa realización de obradoiros e actividades como as desenvolvidas no programa Querote+
- O titor/a debe de ser o referente para a intervención do resto do profesorado.

3.- Acadar maior desenvolvemento no uso das novas tecnoloxías, para afrontar as posibles eventualidades que haxa que afrontar derivadas do COVID-19 nos vindeiros cursos así tentaremos

- Impulsar as aulas dixitais, xa temos a totalidade das materias de 5º EP, 6ºEP. 1ºESO e 2º ESO dentro do proxecto Edixgal, e polo tanto sen libro de texto. O próximo curso incorporaremos ao proxecto EDIXGAL as aulas de 3º e 4º da ESO
- Reforzar a formación do profesorado no uso das novas tecnoloxías, centradas sobre todo en el desenvolvemento das docencia telemática.
- Potenciar aínda máis o uso da aula virtual.
- Facer participe ás familias da importancia das novas tecnoloxías e o bo uso das mesmas a través da formación na “Escola de nais e pais”

4.- Desenvolver os proxectos europeos de intercambio que solicitamos este ano, que levarán ao noso profesorado implicado a coñecer como se traballa por competencias dentro da Unión Europea.

Mencionar que queremos desenvolver nun proxecto europeo donde o profesorado participa a nivel persoal e individual e outro donde estaría implicada a dirección do centro.

5.- Seguir a traballando e desenvolvendo unha educación por proxectos, cooperativa e baseada nas novas tecnoloxías para potenciar as capacidades e competencias do noso alumando cara a unha preparación óptima nun futuro próximo.

Valdoviño a 30 de xuño de 2021

O director  
Sinatura dixital